

1 – INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:

1.1 – *Introdución.*

1.2 - *Contextualización*

1.3 – *Lexislación vixente*

2 - OBXECTIVOS:

2.1 - *Obxectivos xerais da Educación Primaria*

2.2 - *Obxectivos xerais de área*

3 - CONTIDOS

3.1 - *Bloques de contidos*

4 – CRITERIOS DE AVALIACIÓN

4.1. *Criterios de avaliación da Educación Física na Educación Primaria*

5 – MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTENIR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

6 – TEMPORALIZACIÓN E DESEÑO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

7 – PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

8 – DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL:

9 – CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

10 – ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZOS PARA ACADALADA

11 - METODOLOXÍA:

11.1 – *Xustificación da forma de traballo*

11.2 – *Metodoloxía*

11.3 - *Técnicas de ensino*

11.4 - *Estilos de ensino*

11.5 - *O xogo*

11.6 - *A estratexia na práctica*

12 – MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

13 – ADAPTACIÓN CURRICULARES

14 – INTERDISCIPLINARIEDADE.

15.- PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

16 – ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

17 – ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

18– ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

19 – MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS, INCLUIDOS OS LIBROS DE TEXTO

20 – ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE ENSINO E APRENDIZAXE. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

21 – PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

22 - ACTUACIÓNS EN CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL OU A DISTANCIA DEBIDO A CUARENTENA, ILLAMENTO OU CONFINAMENTO DUN ALUMNO, ALUMNOS OU GRUPO-CLASE

23. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS E PROCESOS DE MELLORA

1 – INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:

1.1 - Introducción: Malia á situación actual de pandemia mundial, cómpre seguir promovendo entre o alumnado a práctica da actividade física saudable.

Toda esta programación estará suxeita ás medidas establecidas nos PROTOCOLOS COVID e aquelas que prescriban as Consellería de Sanidade e Educación, sendo actualizada a tal efecto segundo aquelas.

Polo tanto, o emprego de materiais estará moi limitado e reducido a actividades moi puntuais. Será obrigatorio gardar unha distancia interpersonal axeitada (a maior posible –e como mínimo 1´5 m.-), o uso de mascarilla e a hixiene de mans frecuente con xel hidroalcohólico.

(En tódolos cursos se partirá dun reforzo dos contidos a traballar no terceiro trimestre do curso pasado).

A Educación Física (EF) é un elemento esencial na formación do alumnado. Os seus eixos básicos son o corpo e o movemento, destacando a importancia do coñecemento corporal vivenciado e das súas posibilidades lúdicas, expresivas e comunicativas.

O seu ensino facilita que o alumnado chegue a coñecer o seu corpo e as súas posibilidades, así como coñecer gran variedade de actividades corporais e deportivas, para que nun futuro poida escoller a máis conveniente para o seu desenvolvemento persoal, axudándolle a adquirir os coñecementos, as destrezas, actitudes e hábitos que lle permitan mellorar as súas condicións de vida e saúde.

A EF posúe diferentes funcións, reflectidas na [Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa](#), como son as funcións de: coñecemento, anatómico funcional, estético expresiva, comunicativa, de relación, hixiénica, agonista, catártica, hedonista e de compensación, contribuíndo a través delas á consecución dos obxectivos xerais da educación obrigatoria, polo que debe recoller o conxunto de prácticas corporais que traten de desenvolver no alumnado as capacidades a nivel psíquico, motriz, cognitivo, afectivo e social.

A súa vez contribuíndo ao logro de diferentes fins educativos na EP: socialización, autonomía, aprendizaxes básicos, así como á mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas, lúdicas e de movemento. A actividade física ten valores educativos polas posibilidades de exploración que proporciona no entorno e polas relacións lóxicas que favorece nas persoas a través das relacións cos obxectos, co medio, con

outras persoas e consigo mesmo. O autor **Gotteland** define a EF como a acción constante, metódica e indefinida, que ten por finalidade facer ao individuo máis apto para a vida.

1.2 - Contextualización: a presente Programación didáctica levarase a cabo no **CEIP ROSALÍA DE CASTRO**, que está ubicado no casco urbán da cidade da Coruña, e conta coas seguintes dependencias:

6 Aulas de Ed. Primaria 3 Aulas de Ed. Infantil 1 Aula de P.T. Titoría/Aula de A.L. 1 Aula de Música. 1 Sala de Profesores. Dirección Secretaría Xefatura de Estudos/Orientación Comedor	1 Conserxería Sala de audiovisuais Biblioteca Ximnasio. Departamento de Orientación Sala de usos múltiples Aula de informática Almacén Patio con polideportivo cuberto
---	--

O alumnado procede, na súa maioría, da zona urbana próxima ó centro. O nivel socioeconómico é medio.

Por outra banda temos alumnos/as con orixe noutros países.

1.3 – Lexislación vixente: onde temos en conta a seguinte normativa:

ÁMBITO XERAL:

- Lei Orgánica 8/2013, para a mellora da calidade educativa.
- Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria.
- Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria.
- Lei de Convivencia e participación. LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.(DOG 15/07/2011).
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG 27-01-2015).
- Dereitos e deberes do alumnado. Real Decreto 732/1995 polo que se establecen os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia.

ORGANIZACIÓN EDUCATIVA:

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro. Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 22 de xuño de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

- Orde pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2010/11, nos centros docentes sostidos con fondos públicos.

ACTIVIDADE DOCENTE:

- Real Decreto 1513/2006, do 28 de xuño, polo que se establecen as ensinanzas mínimas na educación primaria.
- Currículo de Educación Primaria. Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria. (DOG 09/07/2007).
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de setembro de 2014).
- Corrección de erros (DOG do 10 de setembro de 2014).
- Normativa estatal. Real Decreto 126/2014 polo que se establece o currículo básico da educación primaria. (BOE 1/03/2014).
- Avaliación de Educación Primaria. Orde do 23 de xullo de 2014 pola que se regula a implantación para o curso 2014/15 dos cursos primeiro, terceiro e quinto de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o calendario de aplicación da Lei orgánica 8/2013, para a mellora da calidade educativa (DOG 14 de agosto 2014).
- Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación en primaria.

GALEGO:

- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario da Galiza.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.

2 - OBXECTIVOS:

2.1 - Obxectivos xerais da Educación Primaria: reflectidos na **ORDE do 23 de xullo de 2014 (DOG Núm. 154, Xoves, 14 de agosto de 2014)**, e encamiñados á adquisición, por parte de todo o alumnado, das capacidades que permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situación cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestión de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

2.2 - Obxectivos xerais de área: a EF terá como obxectivo contribuír o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1 - Coñecer e valorar o corpo e a actividade física, como medio de exploración e goce das súas posibilidades motrices, de relación cos demais e como recurso para organizar o tempo libre.

2 – Apreciar a actividade física como un medio para o benestar, manifestando unha actitude responsable cara un mesmo e as demais persoas e recoñecendo os efectos do exercicio físico, da hixiene, da alimentación e dos hábitos posturais sobre a saúde.

3 - Utilizar as capacidades físicas, habilidades motrices e o coñecemento da estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación.

4 – Adquirir, elixir e aplicar principios e regras para resolver problemas motores e actuar de forma eficaz e autónoma na práctica de actividades físicas, deportivas e artístico-expresivas.

5 – Regular e dosificar o esforzo, chegando a un nivel de autoesixencia acorde coas súas posibilidades e a natureza da tarefa que se realiza.

6 - Utilizar os recursos expresivos do corpo e do movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.

7 – Participar en actividades físicas compartindo proxectos, establecendo relacións de cooperación para acadar obxectivos comúns, resolvendo mediante o diálogo os conflitos que poidan xurdir e evitando discriminacións por características persoais, de xénero, sociais e culturais.

8 – Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas como elementos culturais, mostrando unha actitude crítica tanto dende a perspectiva do participante coma do espectador.

3 - CONTIDOS

3.1 - Bloques de contidos: os contidos son os medios que utilizamos para conseguir os obxectivos. Na *ORDE do 23 de xullo de 2014* aparecen organizados en bloques. Todas as actividades xiran en torno aos contidos, e a nosa programación parte deles, para secuencialos durante todo o curso en unidades didácticas. De todas formas, é moi difícil parcelar cada contido e esquecer os demais, por iso en cada unidade didáctica están implícitos varios, aínda que empreguemos un como nexa para desenrolar as actividades.

Os bloques de contidos son aqueles que queremos ensinar a través do movemento (xogos), partindo do que xa coñecemos, para a través de cómo realízalos, chegar os conceptos de “saber facer” e “saber estar”, claves das competencias básicas.

Na *ORDE do 23 de xullo de 2014*, agrúpanse nos seguintes bloques:

Bloque 1. Contidos comúns.

Bloque 2. O corpo: imaxe e percepción.

Bloque 3. Habilidades motrices.

Bloque 4. Actividades físicas artístico-expresivas.

Bloque 5. Actividade física e saúde.

Bloque 6. Os xogos e as actividades deportivas.

Esta agrupación non determina métodos concretos, responde a unha forma de organizar os contidos que deben ser abordados dunha maneira enlazada atendendo á configuración cíclica do ensino da área, construindo uns contidos sobre os outros, como unha estrutura de relacións observables de forma que se facilite a súa comprensión e aplicación en contextos cada vez máis enriquecedores e complexos.

Tampouco implica unha organización pechada, pola contra, permitirá organizar de diferentes maneiras os contidos, adoptando a metodoloxía máis axeitada ás características destes e do grupo de alumnos e alumnas.

Os contidos do bloque común, pola súa natureza transversal, traballaránse ao longo do curso en combinación cos contidos do resto dos bloques dado que trata aspectos como: os valores que teñen por referente o corpo, o movemento e a relación co contorno, a educación viaria, a resolución de conflitos mediante o diálogo e aceptación das regras establecidas, o desenvolvemento da iniciativa individual e de hábitos de esforzo, as

actitudes, a confianza, o uso adecuado dos materiais e espazos e a integración das tecnoloxías da información e comunicación.

Como consecuencia de todo o anterior, establécense unha serie de orientacións metodolóxicas para a área que favorecerán un enfoque competencial, así como a consecución, consolidación e integración dos diferentes estándares por parte do alumnado:

A Educación física nesta etapa terá un carácter eminentemente global e lúdico, ata o punto de converter o xogo no contexto ideal para a maioría das aprendizaxes.

A selección dos contidos e as metodoloxías activas e contextualizadas deben asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo de toda a etapa.

As estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.

O profesorado debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender a diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e a comunicación.

Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base no descubrimento guiado, a resolución de problemas, o traballo por retos ou a cooperación.

Deberá buscarse a implicación das familias como un factor clave para facer dos nosos alumnos e alumnas suxeitos activos na xestión da súa saúde e na adquisición de hábitos de vida saudable.

Finalmente, é necesaria unha axeitada coordinación entre o persoal docente sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos educativos deben formular con criterios consensuados unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas.

A estruturación dos contidos reflexa cada un dos eixes que dan sentido á Educación Física na ensinanza en Ed. primaria: o desenrolo das capacidades cognitivas, físicas, emocionais e relacionais vinculadas

á motricidade, a adquisición de formas sociais e culturais da motricidade, a educación en valores e a educación para a saúde.

O desenrolo das capacidades vinculadas á motricidade abórdanse principalmente nos bloques 2, 3 e 4, os bloques cuarto e sexto, están mais directamente relacionados coa adquisición de formas culturais da motricidade, mentres que a educación para a saúde e a educación en valores teñen gran afinidade cos bloques cinco e séis respectivamente.

Os contidos do bloque común, pola súa natureza transversal, traballaranse ao longo do curso en combinación cos contidos do resto dos bloques dado que trata aspectos como: os valores que teñen por referente o corpo, o movemento e a relación co contorno, a educación viaria, a resolución de conflitos mediante o diálogo e aceptación das regras establecidas, o desenvolvemento da iniciativa individual e de hábitos de esforzo, as actitudes, a confianza, o uso adecuado dos materiais e espazos e a integración das tecnoloxías da información e comunicación.

Bloque 2: O corpo imaxe e percepción: corresponde cos contidos que permiten o desenrolo das capacidades perceptivo-motrices. Céntrase en adquirir un coñecemento e control do propio corpo que resulte determinante tanto para o desenrolo da propia imaxe persoal como para a adquisición de posteriores aprendizaxes motores.

Bloque 3: Habilidades motrices: reúne os contidos que lle permiten ó alumno/a moverse con eficacia. Veranse implicadas adquisicións relativas ó dominio e control motor. Destacan os contidos que facilitan a toma de decisión para a adaptación do movemento a novas situacións.

Bloque 4: Actividades físicas artístico-expresivas: onde aparecen os contidos dirixidos ó fomento da expresividade a través do corpo e o movemento. Neste bloque tamén teremos en conta a comunicación a través da linguaxe corporal.

Bloque 5: A actividade física e saúde: baseado nos coñecementos necesarios para que a actividade física resulte saudable. Tamén se incorporan contidos para a adquisición de hábitos de actividade física ó longo da vida, coma fonte de benestar. A inclusión dun bloque que incorpore contidos á saúde corporal dende a

perspectiva da actividade física pretende enfatizar a necesaria adquisición dunhas aprendizaxes que obviamente se inclúen transversalmente en todos os bloques.

Bloque 6: Xogos e actividades deportivas: presenta contidos relativos ó xogo, a actividades deportivas entendidas como manifestacións culturais da motricidade humana. Independentemente de que o xogo poida utilizarse como estratexia metodolóxica, tamén é necesaria a súa consideración como contido polo seu valor antropolóxico e cultural.

Por outro lado, a importancia que, neste tipo de contidos, adquiren os aspectos de relación interpersonal fai destacable aquí a proposta de actitudes dirixidas cara á solidariedade, a cooperación e o respecto ás demais persoas.

Como consecuencia de todo o anterior, establécense unha serie de orientacións metodolóxicas para a área que favorecerán un enfoque competencial, así como a consecución, consolidación e integración dos diferentes estándares por parte do alumnado:

A Educación física nesta etapa terá un carácter eminentemente global e lúdico, ata o punto de converter o xogo no contexto ideal para a maioría das aprendizaxes.

A selección dos contidos e as metodoloxías activas e contextualizadas deben asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo de toda a etapa.

As estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.

O profesorado debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender a diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e a comunicación.

Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base no descubrimento guiado, a resolución de problemas, o traballo por retos ou a cooperación.

Deberá buscarse a implicación das familias como un factor clave para facer dos nosos alumnos e alumnas suxeitos activos na xestión da súa saúde e na adquisición de hábitos de vida saudable.

Finalmente, é necesaria unha axeitada coordinación entre o persoal docente sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos educativos deben formular con criterios consensuados unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas.

No seguinte cadro, reflectimos a relación dos diferentes elementos curriculares:

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA				
<ul style="list-style-type: none"> a c d k m 	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais. B1.2. Respetto e valoración das persoas que participan no xogo sen mostrar discriminacións de ningún tipo. B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA CSIEE CD
•	•	•	<ul style="list-style-type: none"> EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CSIEE
•	•	•	<ul style="list-style-type: none"> EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA CSIEE
•	•	•	<ul style="list-style-type: none"> EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> i 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área. B1.5. Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Buscar e presentar Información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área. 	<ul style="list-style-type: none"> EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CAA CSIEE
•	•	•	<ul style="list-style-type: none"> EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA
•	•	•	<ul style="list-style-type: none"> EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC

			respecta as opinións dos e das demais.	<ul style="list-style-type: none"> CD
<ul style="list-style-type: none"> a k l n 	<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade. B1.7. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física. B1.8. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal. B1.9. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas, nas saídas polo contorno do colexio. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CAA CCEC CSC
<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA
<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC
<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA
BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN				
<ul style="list-style-type: none"> k m 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Aceptación da propia realidade corporal. B2.2. Confianza nun mesmo, aumento da autoestima e a autonomía persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA
<ul style="list-style-type: none"> b k 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Estrutura corporal. Percepción, identificación e representación do propio corpo e das principais partes que interveñen no movemento (articulacións e segmentos corporais). 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións 	<ul style="list-style-type: none"> EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSC

	<ul style="list-style-type: none"> • B2.4. Experimentación e exploración de posturas corporais diferentes, a partir das posibilidades de movemento das distintas articulacións e segmentos corporais. • B2.5. Vivencia da relaxación global como estado de quietude. Toma de conciencia da respiración e as súas fases. • B2.6. Experimentación de situacións simples de equilibrio estático e dinámico sen obxectos, sobre bases estables, e portando obxectos. • B2.7. Percepción espazo-temporal. Orientación do corpo e nocións topolóxicas básicas (dentro/fóra, arriba/abaixo, diante/detrás, preto/lonxe...). • B2.8. Afirmación da lateralidade. Recoñecemento da dominancia lateral e da dereita e esquerda propias. • B2.9. Posibilidades sensoriais (vista, oído, tacto). Experimentación, exploración e discriminación das sensacións. 	motrices.		
•	•	•	• EFB2.2.2. Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA
•	•	•	• EFB2.2.3. Iníciase no equilibrio dinámico.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA
•	•	•	• EFB2.2.4. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos, diminuindo os tempos de resposta.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC • CSIEE
BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES				
<ul style="list-style-type: none"> • B • j • k 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEC • CAA

	<p>básicas: desprazamentos, xiros, saltos, suspensión, lanzamentos e recepcións.</p> <ul style="list-style-type: none"> • B3.2. Desenvolvemento e control da motricidade fina e a coordinación viso motora a través do manexo de obxectos. • B3.3. Resolución de problemas motores sinxelos. • B3.4. Acondicionamento físico xeral en situacións de xogo, especialmente mantemento e mellora da flexibilidade. • B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as diferenzas no nivel de habilidade. • B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos habituais. 	<p>habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</p>		
•	•	•	<ul style="list-style-type: none"> • EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio, amplitudes e frecuencias, con coordinación e boa orientación espacial. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEE • CAA
•	•	•	<ul style="list-style-type: none"> • EFB3.1.3. Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando os xestos axeitados. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEE • CAA
•	•	•	<ul style="list-style-type: none"> • EFB3.1.4. Realiza xiros sobre o eixo lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEE • CAA
•	•	•	<ul style="list-style-type: none"> • EFB3.1.5. Equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CSIEE
BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS				
<ul style="list-style-type: none"> • b • d • j 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Descubrimiento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento. Sincronización do movemento con estruturas rítmicas 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións. 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC • CAA

<ul style="list-style-type: none"> • k • m • o 	<p>sinxelas. Ritmos baseados na introdución de acentos nunha cadencia, ritmos baseados na duración dos intervalos (curtos ou longos).</p> <ul style="list-style-type: none"> • B4.2. Execución de bailes ou danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, asociando o movemento corporal ao ritmo. • B4.3. Imitación de personaxes, obxectos e situacións. • B4.4. Participación en situacións que supoñan comunicación corporal. Recoñecemento das diferenzas no modo de expresarse. • B4.5. Desinhibición na exteriorización de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento. 			
<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB4.1.2. Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB4.1.3. Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CAA • CSC • CSIEE
BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE				
<ul style="list-style-type: none"> • a • b • k 	<ul style="list-style-type: none"> • B5.1. Identificación e práctica de hábitos básicos de hixiene corporal (aseo, roupa e calzado), alimentarios e posturais, relacionados coa actividade física. • B5.2. Relación da actividade física co benestar da persoa. • B5.3. Mobilidade corporal orientada á saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> • B5.1. Coñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar. 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB5.1.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB5.1.2. Adopta hábitos alimentarios saudables. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CSIEE • CAA

•	•	•	• EFB5.1.3. Incorpora á súa rutina diaria a actividade física como axente de saúde.	• CSC • CAA • CSIEE
• k	<ul style="list-style-type: none"> • B5.4. Respecto das normas de uso de materiais e espazos na práctica de actividade física para evitar accidentes. • B5.5. Respecto ás persoas que participan no xogo, sen mostrar discriminacións de ningún tipo. 	• B5.2. Coñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica de actividade física.	• EFB5.2.1. Identifica e sinala os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.	• CAA • CSC
BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS				
<ul style="list-style-type: none"> • a • b • k • m 	<ul style="list-style-type: none"> • B6.1. Descubrimento da cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo. Aceptación de distintos papeis no xogo. • B6.2. Recoñecemento e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse ao outro sen que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo. • B6.3. Comprensión das normas de xogo e cumprimento voluntario destas. • B6.4. Confianza nas propias posibilidades e esforzo nos xogos, con aceptación das limitacións persoais. 	• B6.1. Coñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.	• EFB6.1.1. Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos.	• CSC • CSIEE • CAA
•	•	•	• EFB6.1.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.	• CAA • CSIEE • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • d • k • m • o 	<ul style="list-style-type: none"> • B6.5. O xogo como actividade común a todas as culturas. • B6.6. Coñecemento e práctica dalgúns xogos de Galicia. Descubrimento de xogos interculturais. • B6.7. Práctica de xogos libres e organizados. 	• B6.2. Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	• EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecendo as súas características e diferenzas.	• CCEE • CAA • CSC

•	•	•	• EFB6.2.2. Investiga e coñece xogos tradicionais de Galicia.	• CCEC • CD • CAA • CSC
•	•	•	• EFB6.2.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.	• CCEC • CSC • CAA
• k • l • m • o	• B6.8. Xogos de aire libre no parque ou en contornos naturais próximos ao colexio. Exploración e gozo da motricidade ao aire libre, respectando a natureza.	• B6.3. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.	• EFB6.3.1. Realiza actividades no medio natural.	• CSC • CAA
•	•	•	• EFB6.3.2. Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.	• CSC • CAA

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA				
<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d • k • m 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas. • B1.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras, estratexias e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo. • B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. Opinar, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflictivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CD
<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB1.1.5. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CSIEE • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • i 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área. • B1.5. Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.2. Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área. 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita. 	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CAA

	aprendizaxe.			
•	•	•	• EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.	• CCL • CD • CAA
•	•	•	• EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	• CCL • CSC
• a • k • l • n	<ul style="list-style-type: none"> • B1.6. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade. • B1.7. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física. • B1.8. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal. • B1.9. Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas. • B1.10. Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns ou peoas e ás persoas ciclistas. 	• B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás outras persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	• EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	• CSC • CAA
•	•	•	• EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.	• CSIEE • CAA • CCEC
•	•	•	• EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	• CSC • CSIEE • CAA
•	•	•	• EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	• CSC
•	•	•	• EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo	• CSC

			que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	<ul style="list-style-type: none"> CAA
<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA
BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN				
<ul style="list-style-type: none"> • b • k • m 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais mostrando una actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente. • B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas. • B2.3. Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> • b • k 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.4. Descubrimento dos elementos orgánico-funcionais relacionados co movemento: circulación, respiración, locomoción (principais músculos e articulacións). • B2.5. Control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Toma de conciencia e inicio do control dos diferentes tipos de respiración. • B2.6 Equilibrio estático e dinámico sobre superficies estables e inestables e alturas variables. • B2.7. Organización espacial (organización dos elementos no espazo, apreciación de 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices. 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB2.2.1. Recoñece os dous tipos de respiración. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC

	distancias, traxectorias, orientación, lonxitude). Organización temporal (duración, sucesión, ritmo). Organización espazo-temporal velocidade, previsión do movementos).			
•	•	•	• EFB2.2.2. Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación a alturas variables.	• CSC • CAA
•	•	•	• EFB2.2.3. Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural.	• CMCCT • CAA • CSC
•	•	•	• EFB2.2.4. Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento, con e sen manipulación de distintos móbiles.	• CAA • CSC • CSIEE
•	•	•	• EFB2.2.5. Mellora a súa eficacia nas repostas motrices ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles no tempo e no espazo.	• CAA • CSC • CSIEE

BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES

<ul style="list-style-type: none"> • b • j • k 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Formas e posibilidades do movementos. Axuste e consolidación dos elementos fundamentais na execución das habilidades motrices básicas. • B3.2. Utilización eficaz e económica das habilidades motrices básicas en medios e situacións estables e coñecidas. • B3.3. Inicio na adaptación das habilidades básicas a situacións non habituais e contornos descoñecidos ou con incerteza, incidindo nos mecanismos de decisión. • B3.4. Mellora das capacidades 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz. 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos e en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEC • CAA
---	---	---	--	--

	<p>físicas básicas de forma global e orientada á execución das habilidades motrices.</p> <ul style="list-style-type: none"> • B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando a existencia de diferenzas no nivel de habilidade. 			
•	•	•	<ul style="list-style-type: none"> • EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas sen perder o equilibrio e a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEE • CAA
•	•	•	<ul style="list-style-type: none"> • EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas aplicando os xestos e utilizando os segmentos dominantes. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEE • CAA
•	•	•	<ul style="list-style-type: none"> • EFB3.1.4. Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos sen perder o equilibrio e a continuidade, tendo en conta dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEE • CAA
•	•	•	<ul style="list-style-type: none"> • EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CSIEE
•	•	•	<ul style="list-style-type: none"> • EFB3.1.6. Realiza actividades físicas e xogos propostos no medio natural ou en contornos non habituais con certo nivel de incertezas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA
BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS				
<ul style="list-style-type: none"> • b • d • j 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. O corpo e o movemento como instrumentos de expresión e comunicación. • B4.2. Coñecemento e práctica 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas e sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo, individualmente, en parellas ou en grupos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC • CAA

<ul style="list-style-type: none"> • k • m • o 	<p>de diversas manifestacións expresivas adaptadas ao ámbito escolar: mimo, dramatización, baile, expresión corporal.</p> <ul style="list-style-type: none"> • B4.3. Adecuación do movemento a estruturas espazo-temporais e execución de bailes e coreografías simples utilizando como base o folclore galego e outros bailes do mundo. • B4.4. Expresión de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento. 	<p>sensacións, emocións e ideas.</p>		
<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB4.1.2. Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB4.1.3. Coñece e practica bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CAA • CSC • CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB4.1.4. Leva a cabo manifestacións artísticas en interacción cos compañeiros e compañeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • b • d • j • k 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, participando en actividades artístico-expresivas. • B4.6. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas. 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB4.2.1. Distingue as capacidades físicas básicas implicadas nas actividades artístico-expresivas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB4.2.2. Coñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices 	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CAA

			implicadas nas actividades artístico-expresivas.	<ul style="list-style-type: none"> CSC
BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE				
<ul style="list-style-type: none"> a b k 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Consolidación de hábitos de hixiene corporal e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables relacionados coa actividade física. B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa. B5.3. Práctica segura da actividade física, recoñecendo a importancia do quecemento, a dosificación do esforzo, a volta á calma e a relaxación. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma. 	<ul style="list-style-type: none"> EFB5.1.1. Participa activamente nas actividades propostas para mellorar as capacidades físicas relacionándoas coa saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CAA
<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> EFB5.1.3. Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA
<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados recoñecendo a súa importancia para saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA CSIEE CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> k 	<ul style="list-style-type: none"> B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde, en función do desenvolvemento psicobiolóxico. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> EFB5.2.1. Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSC
<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> EFB5.2.2. Identifica a frecuencia cardíaca en repouso e realizando actividade física, nel mesmo ou nun compañeiro ou 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT

			compañeira.	<ul style="list-style-type: none"> CSC
<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> EFB5.2.3. Percibe e comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ás demandas da estrutura da clase de Educación física. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSIEE CSC
<ul style="list-style-type: none"> k 	<ul style="list-style-type: none"> B5.5. Adopción das medidas básicas de seguridade na execución das actividades físicas e no uso de materiais e espazos. B5.6 Actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde, manifestando comportamentos responsables, respectuosos e seguros cara a un mesmo e as demais persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física. 	<ul style="list-style-type: none"> EFB5.3.1. Ten en conta a seguridade na práctica da actividade física, sendo capaz de realizar o quecemento con certa autonomía. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSC
BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS				
<ul style="list-style-type: none"> a b k m 	<ul style="list-style-type: none"> B6.1. Descubrimento e aplicación das estratexias básicas de xogo relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición. B6.2. Respecto cara ás persoas que participan no xogo e rexeitamento cara aos comportamentos antisociais. B6.3. Comprensión, aceptación e cumprimento das normas de xogo. 	<ul style="list-style-type: none"> B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades 	<ul style="list-style-type: none"> EFB6.1.1. Consolida o uso dos recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE CAA
<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> EFB6.1.2. Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSIEE CSC
<ul style="list-style-type: none"> d k m o 	<ul style="list-style-type: none"> B6.4. O xogo e o deporte como elementos da realidade social. Coñecemento e práctica de xogos tradicionais de Galicia. B6.5. Achegamento ao xogo doutras comunidades e países dos seus compañeiros e 	<ul style="list-style-type: none"> B6.2. Coñecer, a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas, características básicas entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEE CAA CSC

	compañeiras da clase.			
•	•	•	• EFB6.2.2. Recoñece a orixe e a importancia dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.	• CCEC • CAA • CSC
•	•	•	• EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.	• CSC • CAA
• a • b • k	• B6.6. Aplicación das habilidades básicas en situacións de xogo. • B6.7. Participación en xogos de diferente tipoloxía e iniciación á práctica de actividades deportivas a través de xogos predeportivos e o deporte adaptado.	• B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.	• EFB6.3.1. Distingue as capacidades físicas básicas implicadas nos xogos e nas actividades deportivas.	• CSC • CAA
•	•	•	• EFB6.3.2. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.	• CAA • CSC
• k • l • n • o	• B6.8 Iniciación á orientación deportiva mediante propostas lúdicas (ximnasio, patio, parque). • B6.9 Práctica e gozo de actividades motrices lúdicas relacionadas coa natureza (xogos de campo, de exploración, de aventura, marcha, escalada...). • B6.10 Coñecemento e coidado da contorno natural.	• B6.4 Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.	• EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural.	• CSC • CAA
•	•	•	• EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.	• CSC • CAA

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA				
<ul style="list-style-type: none"> a c d k m 	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas B1.2..Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica de xogos e outras actividades físicas. B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física. B1.4. Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións das demais persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC
<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> EFB1.1.3. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> EFB1.1.4. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE CAA
<ul style="list-style-type: none"> i 	<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área. B1.6 Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de 	<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área. 	<ul style="list-style-type: none"> EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CAA

	aprendizaxe.			
•	•	•	• EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación.	• CCL • CD • CAA
•	•	•	• EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	• CCL • CSC
• a • k • l • n	<ul style="list-style-type: none"> • B1.7. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade. • B1.8. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física. • B1.9. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal. • B1.10. Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas. • B1.11. Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns e peoas e ás persoas ciclistas. 	• B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	• EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	• CSC • CAA
•	•	•	• EFB1.3.2. Demuestra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.	• CSIEE • CAA • CCEC
•	•	•	• EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	• CSC • CSIEE • CAA
•	•	•	• EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	• CSC
•	•	•	• EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo	• CSC

			que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	<ul style="list-style-type: none"> CAA
<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA
BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN				
<ul style="list-style-type: none"> • b • k • m 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando una actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente. • B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas. • B2.3. Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas, mostrando unha actitude reflexiva e crítica. 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CSIEE
BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES				
<ul style="list-style-type: none"> • b • j • k 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade. • B3.2. Realización combinada de desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións. • B3.3. Adaptación das habilidades motrices a contornos de práctica non habituais que favorezan toma de decisións, con seguridade e autonomía: o medio natural. • B3.4. Control e dominio motor e corporal desde unha formulación previa á acción. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz. 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB3.1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEC • CAA • CSIEE

	<ul style="list-style-type: none"> • B3.5. Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución das habilidades motrices, recoñecendo a influencia da condición física na mellora destas. • B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos non habituais. • B3.7. Valoración do esforzo e o traballo ben executado desde o punto de vista motor como base para a propia superación. • B3.8. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade. 			
•	•	•	<ul style="list-style-type: none"> • EFB3.1.2. Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEE • CAA • CSIEE
•	•	•	<ul style="list-style-type: none"> • EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEE • CAA • CSIEE
•	•	•	<ul style="list-style-type: none"> • EFB3.1.4 Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEE • CAA • CSIEE

			postural.	
•	•	•	• EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.	• CSC • CAA • CSIEE
•	•	•	• EFB3.1.6. Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades.	• CSC • CAA • CSIEE

BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS

<ul style="list-style-type: none"> • b • d • j • k • m • o 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. O corpo e o movemento. Exploración, conciencia e gozo das posibilidades e recursos da linguaxe corporal. • B4.2. Recoñecemento e utilización creativa das zonas corporais e compoñentes do movemento expresivo: espazo, tempo e a intensidade. Zonas corporais: de equilibrio (pernas e pés), de forza (centro de gravidade corporal), de autoridade (peito, ombreiros, brazos) e expresiva (rostro, mirada e pescozo). • B4.3. Expresión e comunicación de sentimentos e emocións individuais e compartidas a través do corpo, o xesto e o movemento. • B4.4. Execución de bailes ou danzas do folclore popular galego valorando a importancia da súa conservación e difusión. Execución de danzas do mundo valorando a diversidade como factor de enriquecemento individual e colectivo. • B4.5. Participación na composición e execución de 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas. 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC • CAA
--	--	---	--	--

	produccións grupais a partir de estímulos rítmicos, musicais, poéticos... Elaboración de bailes, coreografías simples ou montaxes expresivas.			
•	•	•	• EFB4.1.2. Representa ou expresa de forma creativa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.	• CCEC • CSC • CAA
•	•	•	• EFB4.1.3. Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía establecida.	• CCEC • CAA • CSC • CSIEE
•	•	•	• EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais, plásticos ou verbais.	• CCEC • CAA • CSC
• b • d • j • k	• B4.6. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en actividades artístico expresivas. • B4.7. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.	• B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas.	• EFB4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.	• CMCCT • CSC • CAA
•	•	•	• EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.	• CMCCT • CAA • CSC
BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE				
• a • b • k	• B5.1. Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturais e alimentarios	• B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o	• EFB5.1.1. Interésase por mellorar as capacidades físicas.	• CSIEE • CAA

	<p>saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois do exercicio).</p> <ul style="list-style-type: none"> • B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa e identificación crítica das prácticas pouco saudables (sedentarismo, abuso do lecer audiovisual, adicción ás novas tecnoloxías, consumo de tabaco ou alcohol...). Valoración do xogo e o deporte como alternativas aos hábitos nocivos para a saúde. • B5.3. Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para previr lesións. 	<p>benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.</p>		
•	•	•	<ul style="list-style-type: none"> • EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CMCCT
•	•	•	<ul style="list-style-type: none"> • EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CMCCT
•	•	•	<ul style="list-style-type: none"> • EFB5.1.4. Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CSIEE • CMCCT
•	•	•	<ul style="list-style-type: none"> • EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CSIEE
• k	<ul style="list-style-type: none"> • B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico. 	<ul style="list-style-type: none"> • B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSIEE • CSC

		conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.		
•	•	•	• EFB5.2.2. Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas intensidades de esforzo.	• CAA • CMCCT • CSC
•	•	•	• EFB5.2.3. Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.	• CAA • CSIEE • CSC
•	•	•	• EFB5.2.4. Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes á súa idade	• CAA • CMCCT • CSC
• k	<ul style="list-style-type: none"> • B5.5. Recoñecemento e aplicación das medidas básicas de prevención e seguridade na práctica de actividade física en relación coa execución motriz, ao uso de materiais e espazos. • B5.6. Valoración da actividade física como factor esencial no mantemento e mellora da saúde. Aprecio, gusto e interese polo coidado do corpo. 	• B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.	• EFB5.3.1 Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.	• CCL • CAA • CSC • CMCCT
BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS				
<ul style="list-style-type: none"> • a • b • k • m 	<ul style="list-style-type: none"> • B6.1. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición. • B6.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo. 	• B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades	• EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.	• CSC • CSIEE • CAA
•	•	•	• EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.	• CAA • CSIEE • CSC

<ul style="list-style-type: none"> • d • k • m • o 	<ul style="list-style-type: none"> • B6.3. O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de diferentes modalidades con dificultade crecente. • B6.4. Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas. 	<ul style="list-style-type: none"> • B6.2. Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB6.2.1. Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEE • CAA • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CAA • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB6.2.3. Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CAA • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • a • b • k 	<ul style="list-style-type: none"> • B6.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo. • B6.6. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición. 	<ul style="list-style-type: none"> • B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas. 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CSC • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices. 	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CAA • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición. 	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CAA

				<ul style="list-style-type: none"> • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza. 	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL • CSC • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • k • l • n • o 	<ul style="list-style-type: none"> • B6.7. Iniciación ao deporte de orientación (colexio, parque, medio natural). Toma de contacto co compás. Participación na organización e desenvolvemento de xogos de orientación. • B6.8. Práctica responsable de actividades físicas lúdicas e deportivas nas saídas á contorno natural de Galicia. • 6.9. Coñecemento, goce, coidado e valoración da natureza. 	<ul style="list-style-type: none"> • B6.4. Manifestar respecto cara á contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación. 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA

4 – CRITERIOS DE AVALIACIÓN

4.1. Criterios de avaliación da Educación Física na Educación Primaria:

Presentamos a continuación os criterios de avaliación de toda a etapa.

En cada unidade didáctica aparecerán uns indicadores de logro, que partindo dos criterios de avaliación, empregamos como indicadores sobre qué aprendizaxes son os que teñen que acadar os alumnos/as ó finalizar cada unidade.

A súa vez tamén aparecerán obxectivos didácticos, que son as metas propostas ó comezo de cada unidade didáctica, e a consecución delas virá dada por alcanzar os indicadores de logro propostos.

Os criterios de avaliación da Educación Física na Educación Primaria son os seguintes:

- 1** – Reaccionar corporalmente ante estímulos visuais, auditivos e táctiles, dando repostas motrices que se adapten ás características dos estímulos.
- 2** – Desprazarse e saltar de forma diversa, variando os puntos de apoio, amplitude e frecuencias, con coordinación e boa orientación no espazo. Combinar as dúas habilidades de xeito coordinado e equilibrado, axustando os movementos corporais a diferentes cambios nas condicións da actividade.
- 3** – Realizar lanzamentos e recepcións e outras habilidades que impliquen manexo de obxectos, con coordinación dos segmentos corporais e situando o corpo de forma apropiada. Lanzar, pasar, e recibir pelotas ou outros móbiles, sen perder o control dos mesmos, adecuando os movementos ás traxectorias.

4 – Equilibrar o corpo adoptando diferentes posturas, con control da tensión, a relaxación e a respiración.

5 – Participar e gozar nos xogos axustando a súa actuación, tanto no que se refire a aspectos motores como a aspectos de relación cos compañeiros/as. Participar no xogo e nas actividades deportivas coñecendo as normas e mostrando unha actitude de aceptación cara ás demais persoas.

6 – Reproducir corporalmente ou con instrumentos unha estrutura rítmica. Propoñer estruturas rítmicas sinxelas e reproducilas corporalmente ou con instrumentos.

7 – Simbolizar personaxes e situacións mediante o corpo e o movemento con desinhibición e soltura na actividade. Empregar os recursos expresivos do corpo e implicarse no grupo para a comunicación de ideas, sentimentos e representación de personaxes e historias, reais ou imaxinarias.

8 – Amosar interese polo cumprimento das normas referidas ó coidado do corpo con relación á hixiene e a conciencia do risco na actividade física. Manter conductas activas acordes co valor do exercicio físico para a saúde, mostrando interese no coidado do corpo.

9 – Xirar sobre o eixo lonxitudinal e transversal, diversificando as posicións segmentarias e mellorando as respostas motrices nas prácticas corporais que o requiran.

10 – Actuar de forma coordinada e cooperativa para resolver retos ou para opoñerse a un ou varios adversarios nun xogo colectivo.

No cadro adxunto observamos a través de que criterio de avaliación, entendemos na nosa programación, se adquiren as competencias clave nas nosas sesións.

5 – MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTEN UNHA AVALIACIÓN POSITIVA:

Segundo curso.

- Corpo e espazo.
 - * Partes do corpo.
 - * Dereita-esqueda respecto a sí mesmo (lateralidade).
 - * Partes do corpo implicadas en accións de movemento.
 - * Relacións topolóxicas básicas (dentro/fóra, enriba/debaixo).
 - * Distancia e posición referidas ao propio alumno/a, a un obxecto, etc.
 - * Hixiene persoal: materiais e procedementos precisos.
 - * Tamaños e formas.
 - * Segmentos corporais.
 - Segmento corporal dominante.
 - * Postura e equilibrio.
 - * Espazo e distancia.
 - * Orientación no espazo.
 - * Medidas de seguridade na práctica.
- Habilidades básicas.
 - * Dirección, posición, velocidade.
 - * Saltos.
 - * Xiros.
 - * Circuito sinxelo de actividades.
 - * Formas de desprazamento combinando as anteriores.
 - * Utilización das habilidades motrices básicas en situacións habituais.
- Aspectos relativos á expresión corporal:
 - * Ritmo e movemento natural.
 - * Linguaxe expresiva corporal e musical.

- * Dramatización e danzas sinxelas.
- * Expresión libre a través do baile.
- O xogo.
 - * O xogo: libre e organizado.
 - * Regras (aplicación) no xogo organizado.
 - * Xogos populares, tradicionais, etc.
 - * Xogos de orientación, en equipo.
 - * Cooperación en accións de xogo.
- Capacidades perceptivo-motrices.
 - * Afirmación da lateralidade.
 - * Experimentación e toma de conciencia da mobilidade corporal.
 - * Coordinación dinámica global en desprazamentos e xiros.
 - * Equilibrio estático e dinámico.
 - * Destreza na manipulación de obxectos coñecidos.

En relación a aspectos globais da materia, poderíamos establecer unha serie de parámetros a valorar:

1. Creatividade na actividade física (adaptación dos movementos propios).
2. Coordinación dinámica (grao de adecuación ao tipo de actividade realizada - correr, saltar, etc.- e ó obxectivo da mesma).

Valorarase a capacidade de seguir traxectorias e velocidades persoais e coordinar o movemento para executar accións sinxelas.

3. Adaptación rítmica (comprobar que o movemento se axeita ao ritmo natural da actividade).

Procúrase que aprendan a regular autónomamente o seu ritmo corporal.

4. Capacidades físicas básicas.

Deberá valorarse o nivel acadado nas mesmas (sobre todo evolución cualitativa – adecuación-, máis ca cuantitativa –incremento-, tendo en conta só o punto de partida de cada alumno/a).

Porase especial énfase en evitar discriminacións por razóns de sexo, características físicas ou psíquicas.

5. Conciencia dos efectos da actividade física (axuste da actividade ás posibilidades e limitacións propias e dos/das demais).

Pretenderíase que aprendan a regular de maneira básica o esforzo na actividade física.

7. Valores positivos (actitudes coma a cooperación, respecto a persoas e materiais).

Búscase que comprendan que as normas son necesarias en calquera actividade, ao igual ca a tolerancia.

Cuarto Curso.

- Corpo e espazo.

- * Partes do corpo nun mesmo/a e nos/nas demais en movemento e situacións de xogo de maior complexidade.

- * Dereita-esqueda respecto a sí mesmo e ós/ás demais (-lateralidade-en movemento).

- * Partes do corpo implicadas en accións de movemento complexas.

- * Relacións topolóxicas básicas (dentro/fóra, enriba/debaixo).

- * Distancia e posición referidas ao propio alumno/a, aos compañeiros/as, a un obxecto en movemento.

- * Hixiene: materiais e procedementos precisos. Aseo persoal despois da práctica.

- * Segmentos corporais.

 - Segmento corporal dominante e non dominante.

- * Postura e equilibrio.

- * Espazo e distancia.

- * Orientación no espazo.

- * Medidas de seguridade na práctica.

- Habilidades básicas.

- * Desprazamentos.

- * Saltos.

- * Xiros.

- * Lanzamentos e recepcións en situacións diversas.

- * Combinación das anteriores en xogos de maior complexidade.

- * Utilización das habilidades motrices básicas en situacións de maior dificultade de execución, empregando o segmento dominante e non dominante.

- * Dirección, posición, velocidade en movemento (propio e de compañeiros/as).

- * Circuito máis complexo de habilidades.

- Aspectos relativos á expresión corporal:

- * Ritmo e movemento natural.

- * Linguaxe expresiva corporal e musical.
 - * Dramatización e danzas de maior complexidade interaccionando con compañeiros/as.
 - * Expresión libre a través do baile.
- O xogo.
- * O xogo: libre e organizado.
 - * Regras (aplicación) no xogo organizado.
 - * Invención de xogos sinxelos.
 - * Xogos populares, tradicionais, etc.
 - * Cooperación-oposición en accións de xogo complexas.
- Capacidades perceptivo-motrices.
- * Experimentación e toma de conciencia da mobilidade corporal propia e dos demais.
 - * Coordinación dinámica global e segmentaria en accións de maior complexidade (xogo colectivo).
 - * Equilibrio estático e dinámico, variando a base de sustentación (superficie, altura, etc.) en movemento.
 - * Destreza na manipulación de obxectos coñecidos e novos en xogos de cooperación-oposición.

En relación a aspectos globais da materia, poderíamos establecer unha serie de parámetros a valorar:

1. Creatividade na actividade física (en relación co movemento doutros/as compañeiros/as e ós factores externos.

Viría dado pola adaptación dos movementos aos trocos producidos de maneira continua na actividade.

2. Coordinación dinámica (grao de adecuación ao tipo de actividade realizada -correr, saltar, etc.- e ó obxectivo da mesma).

Valorarase a capacidade de anticipar traxectorias e velocidades persoais e de obxectos –pelotas- e coordinar o movemento de forma correcta para executar accións requeridas coma lanzamentos, recollidas, etc.

3. Adaptación rítmica (comprobar que o movemento se axeita ao ritmo natural da actividade, ou a un imposto externamente –música-).

Procúrase que aprendan a regular autónomamente o seu ritmo corporal para chegar finalmente a producir estruturas rítmicas sinxelas (3º curso) e algo máis complexas (4º).

4. Capacidades físicas básicas.

Deberá valorarse o nivel acadado nas mesmas (sobre todo evolución cualitativa – precisión, adecuación-, máis ca cuantitativa –incremento-, tendo en conta só o punto de partida de cada alumno/a.

Porase especial énfase en evitar discriminacións por razóns de sexo, características físicas ou psíquicas.

5. Conciencia dos efectos da actividade física (grao de axuste da actividade ás posibilidades e limitacións propias e dos/das demais).

Pretenderíase que aprendan a regular o esforzo na actividade física sen chegar a límites perxudiciais para a saúde.

7. Valores positivos (actitudes coma a cooperación, respecto a persoas e materiais).

Búscase que comprendan que as normas son necesarias en calquera actividade, ao igual ca a tolerancia.

Sexto Curso.

- Corpo e espazo.

- * Partes do corpo nun mesmo/a e nos/nas demais en movemento e situacións de xogo de certa complexidade.

- * Dereita-esqueda respecto a sí mesmo/a e ao resto (-lateralidade- en movemento).

- * Partes do corpo implicadas en accións de movemento complexas.

- * Pensamento espacial consolidado (en canto ao dominio das relacións topolóxicas básicas).

- * Distancia e posición referidas ao propio alumno/a, aos compañeiros/as e a un obxecto en situacións de movemento complexas, etc.

- * Hixiene: materiais e procedementos precisos. Aseo persoal despois da práctica.

- * Segmentos corporais.

- Segmento corporal dominante e non dominante en xogos predeportivos e de cooperación-oposición.

- * Postura e equilibrio en situacións de movemento variadas.

- * Espazo e distancia con respecto a un mesmo e ao resto en situacións diversas.

- * Orientación no espazo.

- * Medidas de seguridade na práctica.

- Habilidades básicas.

- * Lanzamentos e recepcións en xogos de cooperación-oposición.

- * Adquisición de habilidades específicas de certos deportes, e utilización das mesmas en situacións de maior dificultade de execución, empregando o segmento dominante e non dominante.

- * Dirección, posición, velocidade en movemento (propio e de compañeiros/as).

- * Circuito complexo de habilidades específicas e accións complexas.

- Aspectos relativos á expresión corporal:

- * Ritmo, espontaneidade e movemento natural.

- * Linguaxe expresiva corporal e musical.

- * Dramatización e danzas individualmente e con compañeiros/as.

- * Expresión libre a través do baile.

- O xogo.

- * O xogo: libre e organizado.

- * Regras (aplicación) no xogo organizado.

- * Invención de xogos predeportivos.

- * Xogos populares, tradicionais, etc.

* Cooperación-oposición en accións de xogo complexas.

- Capacidades perceptivo-motrices.

* Experimentación e toma de conciencia da mobilidade corporal propia e dos demais.

* Coordinación dinámica global e segmentaria en accións de maior complexidade (xogo colectivo).

* Equilibrio estático e dinámico, variando a base de sustentación (superficie, altura, etc.) en movemento.

* Destreza na manipulación de obxectos coñecidos e novos en xogos de cooperación-oposición, que requiren o emprego de habilidades motrices específicas.

En relación a aspectos globais da materia, poderíamos establecer unha serie de parámetros a valorar:

1. Creatividade na actividade física (en relación co movemento doutros/as compañeiros/as e doutros factores externos).

Viría dado pola adaptación dos movementos aos trocos producidos de maneira continua na actividade.

2. Coordinación dinámica (grao de adecuación ao tipo de actividade realizada - correr, saltar, etc.- e ó obxectivo da mesma).

Valorarase a capacidade de anticipar traxectorias e velocidades persoais e de obxectos –pelotas- e coordinar o movemento de forma correcta para executar accións requeridas coma lanzamentos, recollidas, etc.

3. Adaptación rítmica (comprobar que o movemento se axeita ao ritmo natural da actividade, ou a un imposto externamente –música-).

Procúrase que aprendan a regular autónomamente o seu ritmo corporal para chegar finalmente a producir estruturas rítmicas sinxelas (5º curso) e algo máis complexas (6º).

4. Capacidades físicas básicas.

Deberá valorarse o nivel acadado nas mesmas (sobre todo evolución cualitativa – precisión, adecuación-, máis ca cuantitativa –incremento-, tendo en conta só o punto de partida de cada alumno/a.

Porase especial énfase en evitar discriminacións por razóns de sexo, características físicas ou psíquicas.

5. Conciencia dos efectos da actividade física (grao de axuste da actividade ás posibilidades e limitacións propias e dos/das demais).

Pretenderíase que aprendan a regular o esforzo na actividade física sen chegar a límites perxudiciais para a saúde.

7. Valores positivos (actitudes coma a cooperación, respecto a persoas e materiais).

Búscase que comprendan que as normas son necesarias en calquera actividade, ao igual ca a tolerancia.

6 – TEMPORALIZACIÓN E DESEÑO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

A temporalización da presente programación axústase ó establecido na actual Orde de Calendario. Está formada por unidades didácticas, distribuídas en tres trimestres.

Ditas unidades cumpren dúas funcións fundamentais: por unha banda fan explícitas as intencións educativas e doutra banda serven de guía orientadora para a práctica pedagóxica.

Organizaremos o noso proceso de ensino-aprendizaxe no tempo a través da secuenciación das unidades didácticas que se levarán a cabo ó longo do curso, distribuídas en trimestres sen perder por iso a globalidade do proceso.

Como se pode apreciar no cadro que presentamos a continuación, vemos como independentemente da unidade didáctica que abordemos, traballaránse aspectos dos distintos bloques de contidos, xa sexa de forma directa ou indirecta.

Deste xeito, os contidos distribuírémolos en unidades didácticas ou procesos de ensino-aprendizaxe cun eixo central de contidos e obxectivos didácticos, criterios e procedementos de avaliación. Ese eixo central é o que da nome a cada unha das unidades didácticas, que se irán desenvolvendo ó longo de dúas sesións semanais de Educación Física.

As sesións prantexadas axustaranse ó modelo de **M.Bellido**, que divide a sesión en 4 partes.

1 – Posta en acción / animación / quecemento: para preparar o corpo para o traballo posterior.

2 – Desenrolo / parte principal: para acadar os obxectivos marcados.

3 – Volta a calma / conclusión: para recuperar o corpo do esforzo da fase anterior.

4 – Ronda de opinións / comentarios: para analizar a sesión.

EXEMPLO DE TEMPORALIZACIÓN ANUAL

(Nas diferentes programacións específicas establecemos as unidades didácticas a traballar no ano académico).

<i>1º e 2º NIVEL</i>	<i>Unidade Didáctica</i>	<i>TÍTULO</i>
1ª AVALIACIÓN	UD 1	Comezamos o 1º/2º/3º/4º/5º/6º curso
	UD 2	Coñezo e controlo o meu corpo
	UD 3	Esquema corporal
	UD 4	Desenrolo sensorial
	UD 5	Respiración, relaxación e actitude postural
2ª AVALIACIÓN	UD 6	Equilibrio
	UD 7	Orientación espacial
	UD 8	Percepción espazo-temporal
	UD 9	Expresión corporal

3ª AVALIACIÓN	UD 10	Coordinación óculo-manual
	UD 11	Coordinación dinámica xeral
	UD 12	Actividades na “natureza” e patio

7 – PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN:

Lexislación vixente: para levar a cabo a avaliación basearémonos nos aspectos establecidos na [Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación na Educación Primaria](#).

Tamén determinamos uns criterios de avaliación para toda a etapa. Vinculamos estes criterios coas competencias clave e os obxectivos educativos.

Blazquez, D e **Sebastiani, E. Mª** consideran que: *“os obxectivos e as competencias sinalan o horizonte, mentres que os criterios de avaliación son unha excelente referencia para determinar a consecución das aprendizaxes en cada curso a través de claras condicións para a súa avaliación, para saber en que medida se produciron aqueles aprendizaxes que se consideran especialmente relevantes para a adquisición das capacidades recollidas nos obxectivos”*.

Os mesmos autores indican como, os criterios de avaliación nas programacións materialízanse en **indicadores de logro** ou desempeño: *“indicios de cómo se logrou unha competencia ou un obxectivo educativo”*. Estes indicadores de logro aparecerán na formulación de cada unidade didáctica.

- Situacións nas que deban resolver un ou varios problemas.
- Mestura de varios dos aprendizaxes para que resolvan a tarefa.
- Formulación de situacións da vida real.

Tamén empregaremos técnicas e instrumentos coma:

- Observación do alumnado e rexistro do observado.
- Valorar cómo participan nas actividades.
- Colaboración co profesor e cos compañeiros/as.
- Maneira de realizar as tarefas.
- Valorar o proceso de realización e non o resultado.
- Situacións nas que deban resolver un ou varios problemas.
- Mestura de varias das aprendizaxes para que resolvan a tarefa.

Que avaliar?:

Avaliaranse os obxectivos e contidos, tendo en conta todos os elementos que conforman o proceso educativo, alumnado, docentes e o propio proceso de ensino-aprendizaxe.

Avaliarase o alumnado atendendo ós seguintes criterios de avaliación:

- Coñecer as características básicas de diferentes deportes adaptados.
- Aceptar e respectar as normas do xogo.
- Adquirir a capacidade de regular o esforzo.
- Amosar unha actitude de respecto os compañeiros/as, mestres e ás actividades propostas.

- Participar e amosar interese cara á realización dos xogos adaptados.
- Utilizar estratexias de cooperación.
- **Coidar o material utilizado.**
- Empregar roupa e material axeitado para a práctica físico-deportiva.
- Adquirir a capacidade de regular o esforzo.
- Expresar a través da linguaxe corporal todo tipo de sensacións.
- Recoñecer e asimilar os xogos.
- Adquirir unha boa condición física a través da práctica de distintas habilidades básicas de iniciación deportiva.
- Recoñecer os efectos da actividade física sobre a saúde.
- Inculcar hábitos hixiénicos e posturais para a vida cotiá.

Como avaliar?:

Segundo a **D.Blázquez**, propoñemos tres formas de avaliación:

1 - Ev.Obxetiva: caracterizada por: utilizar probas medibles, realizar control de tempo e lugar, o alumno/a é consciente de ser examinado, mide resultados máximos, son tarefas uniformes para todas as persoas, aplícanse técnicas cuantitativas expresadas nunha escala (insuficiente, suficiente, ben, notable, sobresainte).

2 - Ev.Subxetiva: é a que debemos utilizar en EP e depende do xuízo do/a docente. Baséase na observación e técnica cualitativas, non hai control do tempo, o alumno/a non é consciente de ser examinado/a, en situacións que poden ser diferentes, importa como se comporta o alumno/a, non o resultado, deben estar planificados os aspectos a observar e debe ser sistemática e continua.

3 - Ev.Mixta: hai autores que contemplan unha forma máis de avaliar, que consiste nunha mestura das dúas anteriores.

Mecanismos e instrumentos de avaliación: para obter información, utilizaremos métodos de observación e rexistro propostos por **D.Blázquez**. Basarémonos nun instrumento de avaliación por observación directa: o **rexistro anecdótico do alumno/a** (onde anotaremos aspectos importantes da sesión), así coma outros aspectos reflectidos anteriormente (valoración da participación, da colaboración, do proceso, etc).

Cando avaliar?: onde establecemos tres momentos diferenciados, reflectidos no seguinte cadro:

TIPO DE AVALIACIÓN	FUNCIONS:
AVALIACIÓN INICIAL	- Identificar o grao de coñecemento e predisposición cara á aprendizaxe, respecto ás persoas con discapacidade, xogos e deportes adaptados.....
AVALIACIÓN CONTINUA	- Axustar o proceso de ensino aprendizaxe aos obxetivos marcados. - Informar ó alumno/a sobre o seu progreso: na mellora das capacidades xa adquiridas, e se se está axustando ás expectativas formuladas, orientándolle sobre como

	mellorar.
AVALIACIÓN FINAL	- Estimar o grao de consecución dos obxectivos e criterios de avaliación propostos, así como o propio proceso de ensino-aprendizaxe.

8 – DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACION DA AVALIACION

INICIAL:

No proceso de ensinanza-aprendizaxe é fundamental determinar o punto de partida ou nivel en que se atopa o alumnado, de cara a instaurar no mesmo aprendizaxes significativas (*Ausubel: para que se dea unha aprendizaxe duradeira, cómpre partir do nivel do neno/a para lévalo/a un paso máis alá).

De tal maneira, preténdese que o alumnado, ao enfrontarse a unha situación nova, sexa quen de facer uso dos esquemas motores (e mentais) anteriormente adquiridos.

Esta, coma toda avaliación, debe producir unha análise do propio proceso de ensinanza-aprendizaxe que nos permita ofrecer solucións para corrixir os problemas, facendo actividades de recuperación e profundización.

A finalidade da avaliación inicial é verificar a adecuación do proceso de ensinanza aprendizaxe ás características e necesidades educativas reais do alumnado.

Como se establece na normativa vixente, durante o primeiro mes do curso escolar, ao comezo de cada ciclo, a persoa titora realizará unha avaliación inicial do seu grupo-clase. Neste apartado inclúese a análise dos informes persoais de etapa e/ou ciclo anteriores, que se completarán con outros datos obtidos, na mesma, que constituirá o punto de partida para desenrolar o currículo e adaptalo ás necesidades educativas e particularidades do alumnado, adoptando, de seren necesario, as medidas oportunas de apoio e reforzo.

Así, como é lóxico, estaremos en constante coordinación coa persoa titora de cara a intercambiar información obtida nas avaliacións iniciais.

AVALIACIÓN INICIAL. SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Partes do corpo que coñece: _____

Partes que sabe sinalar: _____

Partes que representa: _____

Man dominante: _____ Pé dominante: _____

Nocións espaciais que coñece: _____

" " temporais " : _____

Xogos: _____

Xoga só/soa ou con outras persoas da súa idade? _____

Qué tipo de xogos prefire? _____

Maniféstase activo/a ou pasivo/a? _____

Recoñece as nocións de duración (longa, curta): _____

* LONGA:

O alumnado desprázase; á sinal de stop, debe deterse.

- Igual que o anterior, pero a segunda vez deben parar cando pensen que transcorreu o mesmo tempo que na primeira.
- Lanzar unha pelota ao aire e agardar que caia.
- Igual que o anterior, pero colléndoa.
- O mesmo, lanzando cara un compañeiro/a.
- Golpear o balón con diferentes partes do corpo, evitando que caia.

* CURTA:

- Botar un balón.
- Lanzalo contra unha parede.
- Golpealo igual que antes.

ALTERNANDO AMBAS:

- Andar durante 45 segundos <-->Andar durante 10 segundos.
- Palmear durante 25 segundos <-->Palmear durante 5 segundos.

ASPECTO A AVALIAR	SI	NON
Recoñece as diferentes partes do corpo.		
É quen de imitar movementos.		
Ten definida a lateralidade.		
Recoñece as nocións espaciais de: - dentro/fóra. - Preto/lonxe. - Diante/detrás.		
Recoñece as nocións temporais de: - Lento/rápido. - Antes/agora/despois.		
Reproduce ritmos sinxelos: Con movementos. Con palmadas.		
Corre de forma relativamente coordinada.		
Amosa sincronía nos movementos ao: Reptar. Gabea.		
Desprázase enriba dun banco sueco: - andando. - trotando.		
Salta cos dous pes: Cara adiante. Cara atrás.		

AVALIACIÓN INICIAL. CUARTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Bloque 1. (Números e operacións):

Escrebe os números pares do 1 ao 20 e noméaos.

Le os seguintes (2, 4, 5, 7, 25, 50, 115).

Ordea de maior a menor (50, 45, 36, 27, 25, 20, 14, 8, 6, 4, 2).

Agora de menor a maior (Idem).

Di o que segue (0, 5, 10, 15, 20.....).

Bloque 2. (Cantidades/peso, etc.).

Completa con verdadeiro/falso.

Un balón de fútbol é meirande ca un de rugby.

Unha corda pesa máis dun gramo.

Mide máis o ximnasio ou a aula?

O que ocupa máis espazo na aula é....

Nomea algún día da semana/mes do ano.

Ordea según corresponda (minuto/hora/día/semana).

Bloque 3 (Xeometría):

Sitúa o lapis no centro da mesa.

Di onde se atopa a mesa do mestre/a.

Nomea algunhas das seguintes figuras (cadrado, círculo, triángulo, rombo, rectángulo).

Bloque 4 (probabilidade):

Con qué man lanzas a pelota? Podería haber máis xente que a lance coma ti? ¿E coa outra man?

Onde vives? ¿É moi lonxe ou preto? Haberá xente que viva máis afastada?

Cantos anos tes? Son unha decena?

Bloque 1:

- Coñece ben os números e o seu nome.
- Identifica os mesmos segundo a grafía.
- É quen de ordealos.
- Fai seriacións simples e relativamente complexas.

Bloque 2:

- Diferenza tamaños en obxectos.
- Controla as diferenzas de pesos/magnitudes.
- Ten as nocións temporais e espaciais adquiridas.
- É quen de facer seriacións temporais (minuto/hora/día/semana, etc.).

Bloque 3:

- Localiza obxectos no espazo.
- Coñece as formas básicas.

Bloque 4:

- Amosa conceptos básicos de abstracción.

**ASPECTOS A DESTACAR NA
OBSERVACIÓN**

S (Sí)

**N (Non
veces)**

AV (Ás)

☒Autonomía persoal e hábitos:

- Amosa unha actitude positiva cara á tarefa.
- Esfórzase por superar as dificultades xurdidas.
- **Fai un uso razonado do material e comparte o mesmo.**
- Respecta as normas.
- É autónomo nas tarefas diarias.

☒Relacións interpersoais:

- Acepta os compañeiros/as nas actividades e xogos.
- É aceptado polo resto do grupo.
- Relaciónase con eles de maneira normal e habitual.
- Fai continuas chamadas de atención.
- Prefire as actividades en grupo antes cá as individuais.
- Participa nos xogos e actividades por iniciativa propia.
- Respecta as normas e ás persoas.

☒Conduta:

- Adoita ser puntual.
- **Trata ben o material.**
- Fala con educación e respecto.

- Ten unha boa hixiene.
- É autónomo á hora de ir ao baño e asearse.

☒Comportamento:

- Pide axuda cando é preciso.
- Aconsella aos compañeiros/as e colabora con eles para que resolvan positivamente as actividades.
- Acepta os seus defectos e os de compañeiros/as.
- Amosa unha conduta agresiva ante situacións de fracaso.
- Esfórzase de maneira proporcionada á dificultade dos xogos.

☒Aspectos globais de aprendizaxe:

- Adquire novas aprendizaxes de maneira mecánica.

- “ “ “ “ “ de maneira razoada.

AVALIACIÓN INICIAL ESPECÍFICA
EN ASPECTOS MOTORES.

NOME: CICLO: NIVEL: DATA NACEMENTO:

PESO: ESTATURA:

Esquema corporal:

- Desprazarse der.- esq. dun obxecto coas partes do corpo indicadas.

Estructuración espacial e temporal:

Percepción espazo – temporal.

-Recoñece nocións espaciais (dentro/fóra, preto/lonxe, enriba/abaixo, diante/detrás).

- Correr por unha serie de aros.
- Seguir e memorizar un ritmo dado.
- Desprazarse ao ritmo dun tambor.

Coordinación e equilibrio.

- Manter sobre un banco a pata coxa durante 10 segundos.

- Coordina os movementos ao:

Andar.

Correr.

- Alternar saltos sobre un banco (pernas abertas, pés xuntos, etc)

- Botar un balón.
- Conducción e botar un balón entre pivotes.
- Habilidades Básicas.**
- Lanzar un balón e recepcionar.
- Salta cos dous pés (adiante/atrás, aos lados), á pata coxa.
- Saltar cara arriba e xirar no aire 180º.
- Salto en altura e en lonxitude.
- Viravolta cara ádiante.
- Lanzar a pelota ao aire, dar un xiro de 180° e recepcionar.
- Botar e conducir unha pelota polas liñas do campo.
- O xogo.**
- Proposta de xogo colectivo sinxelo.
- Capacidades físicas básicas.**
- Potencia: lanzamento dun balón de baloncesto.
- Axilidade: circuito.
- Velocidade: carreira de 20 mts.
- Resistencia: carreira continua 2 minutos.
- Expresión e comunicación corporal.**
- Representar un conto individualmente.
- Axustar movementos a un ritmo dado.
- Representar un conto individualmente.
- Axustar movementos a un ritmo dado.

AVALIACIÓN INICIAL. SEXTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Bloque 1 (Escoitar, falar):

Completa:

Os músculos da perna son.....

As articulacións son.....

Comenta onde se atopa e de qué se trata:

O trapecio.

O esterno.

O deltoides.

A coxa.

O sóleo.

A pelve.

A cadeira.

O cúbado.

O nocello.

O xeonllo.

Se algo non está ben, corríxeo.

Dous músculos son o cúbito e o cóbado.

Os pulmóns son unha articulación.....

Podo dobrar a man grazas ao cóbado.

Relaciona cada elemento coa súa localización:

Cabeza	
Tronco	
Brazos	Extremidades
Pernas	

Bloque 2 (Ler, escribir).

Le o seguinte texto e logo da a túa opinión (texto sobre actividade física saudable/dieta/hixiene).

Escribe o nome de habilidades empregadas en EF.

Bloque 1:

- **Coñece ben as diferentes partes do corpo.**
- **Distingue entre óso/músculo/articulación.**
- **É quen de localizalos.**

Bloque 2:

- **Diferenza tamaños en obxectos.**
- **Controla as diferenzas de pesos/magnitudes.**
- **Ten as nocións temporais e espaciais adquiridas.**
- **É quen de facer seriacións temporais.**

Bloque 3:

- **Coñece as formas e situacións complexas.**

Bloque 4:

- **Amosa conceptos básicos de abstracción.**
 - 1. Autonomía persoal e hábitos:**
 - **Amosa unha actitude positiva cara á tarefa.**
 - **Esfórzase por superar as dificultades xurdidas.**
 - **Fai un uso razoado do material e comparte o mesmo.**
 - **Respecta as normas.**
 - **É autónomo/a nas tarefas diarias.**
 - 2. Relacións interpersoais:**
 - **Acepta os compañeiros/as nas actividades e xogos.**
 - **É aceptado polo resto do grupo.**
 - **Relaciónase con eles de maneira normal e habitual.**

AVALIACIÓN INICIAL ESPECÍFICA EN
ASPECTOS MOTORES.

- Fai continuas chamadas de atención.
 - Prefire as actividades en grupo antes cá as individuais.
 - Participa nos xogos e actividades por iniciativa propia.
 - Respecta as normas e ás persoas.
- 3. Conduta:**
- Adoita ser puntual.
 - **Trata ben o material.**
 - Fala con educación e respecto.
 - Ten unha boa hixiene.
 - É autónomo á hora de ir ao baño e asearse.
- 4. Comportamento:**
- Pide axuda cando é preciso.
 - Aconsella aos compañeiros/as e colabora con eles para que resolvan positivamente as actividades.
 - Acepta os seus defectos e os de compañeiros/as.
 - Amosa unha conduta agresiva ante situacións de fracaso.
 - Esfórzase de maneira proporcionada á dificultade dos xogos.
- 5. Aspectos globais de aprendizaxe:**
- Adquire novas aprendizaxes de maneira mecánica.
 - “ “ “ “ “ de maneira razoada.

NOME: CICLO: NIVEL:

DATA NACEMENTO: PESO: ESTATURA:

Esquema corporal:

Estructuración espacial e temporal:

- Rodar/Lanzar unha pelota (co pé e coa man, polo corpo propio e alleo).
- Levar un obxecto (pelota, cono, pica, etc.) de diferentes formas.
- Seguir unha estrutura rítmica sinxela ao tempo que se despraza de diversas maneiras.

Coordinación e equilibrio.

- Manterse sobre un pé enriba dun banco.
- Saltar para caer dentro dun aro.

Habilidades Básicas.

- Pasar entre obstáculos: por encima/debaixo/un lado.
- Lanzamentos e recepcións sinxelas.

O xogo.

- Proposta de xogo individual/colectivo.

Expresión e comunicación corporal.

- Moverse ao ritmo dunha música.

- Imitar a alguien.

FICHA ACTUALIZADA DE DATOS DO ALUMNADO.

NOME: CURSO:

APELIDOS:

ENDEREZO:

TELÉFONOS DE CONTACTO:.....

DATA DE NACEMENTO:/...../.....

ANOTE CALQUERA ASPECTO A TER EN CONTA NO DESENROLO DAS CLASES:

Problemas de columna:

Problemas de corazón:

Problemas respiratorios:

Problemas nos pés (cavos, planos...):

Problemas en oídos ou ollos:

Enfermidades crónicas:.....

Alerxias:

Outras consideracións:

.....

Tratamento médico actualmente:

OBSERVACIÓNS:

.....

.....

.....

Tendo en conta a *Lei 15/1999 de Protección de datos de carácter persoal*, comunicaselles que os datos aportados por vostedes serán tratados coma confidenciais, sendo exclusivamente para uso interno do Centro.

A Coruña, a de de 20....

ASDO. :

INDUMENTARIA:

✓ Chandal e calzado deportivo limpos.

ASEO:

✓ Despois de cada sesión de Educación Física, cambiar os tenis e mudar a camiseta, se queren.

COMIDA:

✓ Se a clase de Educación Física é despois do recreo, evitar comidas de difícil dixestión. Sen embargo, é necesario que inxiran algo durante este periodo, para manter a enerxía necesaria.

Enquisa para o alumnado.

NOME: CICLO: NIVEL:

1.- ¿Qué aprendiches o ano pasado en clase de educación física?

2.- ¿Qué tipo de xogos levábades a cabo?

3.- ¿Cal che gustou máis?

4.- ¿Practicas algún deporte? ¿Cal?

5.- ¿Pensas que a educación física é importante? ¿Por qué?

6.- ¿Cómo che gustaría que fora a área de Educación Física?

AVALIACIÓN DO MESTRE.

Sí

Non

Ás veces

Entendes as explicacións.

Comprendes os xogos.

Estes xogos son difíciles.

O mestre anímavos para que fagades ben as cousas.

O mestre non vos deixa facer os grupos.

Os xogos que se fan son divertidos e gústanche.

As clases duran pouco.

Podes participar nos xogos e sempre tes tempo a desfrutalos.

9 – CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Basearanse en aspectos cualitativos para calquera instrumento de avaliación, estando representados en relación numérica, segundo o grao de consecución dos obxectivos:

Ata o 4 Insuficiente.

5 Suficiente.

6 Ben.

7,8 Notable.

9,10 Sobresaínte.

Estes datos serán consignados coma unha síntese dos resultados acadados en cada unha das probas prantexadas, que poderán variar entre as de tipo cualitativo e cuantitativo.

Probas de aptitude 40 %

Traballo diario e comportamento 30 %

Atención e uso de material axeitado 30 %

10 – ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZOS PARA ACADALA:

Esta programación baséase no principio de flexibilidade e adaptación, o que implica traballar en varios momentos do proceso de ensinanza-aprendizaxe:

ETAPA INICIAL.

Prodúcese coma resultado do proceso de avaliación inicial, anteriormente sinalado; así, produto da mesma, pódense detectar dificultades no alumnado, respecto ao dominio de certos patróns básicos.

De tal maneira, unha vez constatada esta circunstancia, efectuarase un reforzo ordinario na aula para paliar esta situación e chegar á consecución dos obxectivos.

ETAPA INTERMEDIA.

Ten lugar cando das aprendizaxes prantexadas nalgunha unidade didáctica se presume que un alumno/a non ten adquiridos os coñecementos que se presupoñen. Sería a referida ao proceso de avaliación final de cada unha delas.

Cando se dea esta circunstancia, aproveitarase para adaptar os contidos da unidade seguinte, de tal maneira que mentres se traballan estes, se dea un reforzo dos anteriores, facendo especial fincapé nese alumnado con dificultades.

ETAPA FINAL.

Lévase a cabo ao remate de cada curso. De non seren efectivas as medidas prantexadas, consignarase na memoria final de curso, explicitando as medidas tomadas anteriormente, e a pertinencia dun estudo máis fondo das circunstancias persoais do neno/a (nos tres ámbitos principais: cognitivo/afectivo, motor e actitudinal).

Algúns exemplos serían os seguintes:

- 1.- Propoñer ao alumnado a elaboración dun percorrido (traballar diferentes aspectos: coordinación, equilibrio, etc.)
- 2.- Facer unha relación de todo o material de que se dispón. Unha vez feito isto, establecer materiais cos que lles gustaría xogar, e as medidas que se poderían levar a cabo para usalos, propoñendo a elaboración artesanal **INDIVIDUAL** dalgún deles (sempre con axuda docente ou doutros adultos).
- 3.- Repasar as diferentes partes do corpo por medio de debuxos nos que se insiran os nomes.
- 4.- En canto a hábitos de hixiene e saudables, ao comezo da clase, sinalar aqueles elementos e/ou condutas que poden resultar perxudiciais para a saúde ou a integridade física.
- 5.- Ao remate da clase, concienciarse da importancia de realizar a fase de volta á calma antes da análise de resultados e finalmente, do aseo persoal.

6.- Na fase de reflexión, comentar se entenderon o que había que facer, o que máis/menos lles gustou, os problemas xurdidos e as solucións aportadas, etc.

* ALUMNADO INACTIVO

Para o alumnado que non pode realizar unha clase ordinaria (enfermidade, lesión, non dispor de chándal,...) empregaremos un modelo de folla de traballo, coa función de anotar os obxectivos, contidos, etc. a traballar. Ao remate esta será entregada ao mestre.

Outra posibilidade contemplaría qué exercicios son beneficiosos e perxudiciais para a súa saúde.

En calquera caso terase que achegar xustificación familiar e/ou médica, segundo os casos.

Todas elas teñen un carácter individualizado, están destinadas a unha persoa ou pequeno grupo, anque teñen carácter ordinario (desenrólanse dentro da dinámica habitual do grupo-clase e deben ir vencelladas á estimulación e motivación).

11 - METODOLOXÍA:

11.1 – Xustificación da forma de traballo: onde cómpre ter en conta diversos aspectos:

1 - Obxectivos: tendo como referencia os niveles de concrección, determinamos uns **obxectivos** para un determinado ciclo ou toda unha etapa, e a través da posta en práctica (no desenrolo das unidades didácticas e das sesión), poder alcanzalos.

2 - Contidos: onde construímos un formulación didáctico en torno ós **contidos**, a partires dos cales, unha vez seleccionados, escollemos as actividades que nos permitan acadalos.

3 - Materiais: traballaremos con diversos **materiais** que lle permitan ó noso alumnado traballar, manipular, desenrolar os contidos e acadar os obxectivos necesarios para a súa aprendizaxe.

4 – Competencias básicas: a nosa programación debe amosar como somos quen de adquirir todas as competencias, polo que resulta difícil elixir unha a desenrolar e debemos tomar todas en bloque. Así, partindo

das **competencias**, elixir os contidos que mellor axuden a alcanzalos (pola súa parte, os obxectivos deben estar vinculados a cada competencia e os criterios de avaliación relacionados con estes obxectivos).

5 - Actividades: que permiten introducir ó alumnado nos contidos e acadar os obxectivos.

11.2 – Metodoloxía: o docente exercerá como mediador/a, guía e deseñador/a do proceso de ensino aprendizaxe e non só como transmisor/a de información, para que o alumno/a sexa o verdadeiro/a protagonista do seu propio proceso de aprendizaxe. Tamén se require a coordinación entre os/as docentes do ciclo, para garantir a continuidade do proceso educativo, o que implica analizar as opcións metodolóxicas adoptadas para levar a cabo o material curricular proposto. Tampouco se debe esquecer a comunicación co titor/a e coas familias, sendo necesario establecer canles de comunicación oportunos para achegar os criterios educativos en beneficio dos/das alumnos/as.

A metodoloxía utilizada basearase principalmente no enfoque constructivista de ensino aprendizaxe, onde destacan autores como: **Ausubel, Vigotsky, Bruner** ou **Piaget**, onde se procura que sexa o alumnado quen constrúa as súas propias aprendizaxes.

A súa vez utilizaremos os seguintes **principios psicopedagóxicos** como son:

- Partir dos coñecementos previos e nivel de desenvolvemento dos nenos/as.
 - Utilizar aprendizaxes significativas.
 - Empregar actividades que permitan ó alumno/a “aprender a aprender”.
 - Facilitar que o alumno/a desenvolva unha intensa actividade (suxeito activo na súa aprendizaxe).
 - Utilizar o recurso do xogo como elemento motivador da aprendizaxe.
 - Impulsar relacións entre iguais (integración).

A continuación indícanse unhas **orientacións didácticas específicas** a ter en conta:

- a) Continuar o desenvolvemento das habilidades básicas e acondicionamento físico, mediante os desprazamentos, saltos, lanzamentos, recepcións, a través da iniciación deportiva.
- b) A formulación didáctica basearase na utilización do xogo como recurso didáctico.
- c) Os xogos deben estar encamiñados á iniciación deportiva, centrada en funcións de aprendizaxe e de recreación, máis que de instrución concreta dunha técnica deportiva.
- d) Nos xogos os alumnos/as deberán desempeñar todas as funcións posibles, o que facilitará a diversidade de situacións e fomentará a resolución de problemas motrices.
- e) Os mecanismos motores de adaptación traballarase a través de habilidades básicas e de entornos novos, con materiais diferentes e convencionais.
- f) Utilizar grupos mixtos e unha ensinanza individual.

Con esta proposta didáctica búscase conseguir o afán de superación dun mesmo/a como elemento motivador, primando a riqueza de vivencias, o recoñecemento das posibilidades e limitacións, o respecto mútuo de si mesmo/a e dos demais.

Baseándonos en **Contreras**, analizaremos aspectos metodolóxicos como técnicas, estilos de aprendizaxe e estratexias na práctica.

11.3 - Técnicas de ensino: é a comunicación da información que se pretende transmitir, ensinar. Utilizaremos principalmente o ensino mediante a busca, dado que desenvolveremos habilidades perceptivo-motrices, habilidades básicas e capacidades expresivas. A instrución directa utilizarase só no desenvolvemento de habilidades específicas.

11.4 - Estilos de ensino: a metodoloxía empregada neste primeiro ciclo correspóndese coa clasificación proposta por **M.Mosston**, onde aparecen os seguintes estilos de ensino:

A) INSTRUCCIÓN DIRECTA:

1 - Mando directo: o papel do alumno/a é responder ós estímulos do profesor/a, que o organiza todo: establece obxectivos, determina o comezo e o final da actividade, o ritmo e a duración, etc. O alumno/a fai o que lle din, cando e como o manden.

2 - Asignación de tarefas (circuitos): é practicamente un mando directo, onde o profesor/a o programa todo. Diferénciase na execución, onde se lle dá máis responsabilidade ó alumno/a, xa que agora decide o principio, o final e o ritmo de execución.

3 - Ensinanza recíproca: organízase a clase por parellas ou grupos e o profesor/a propón as tarefas. O/a docente informa como se realiza a tarefa e os alumnos/as repártense o traballo. Un executa e o compañeiro/a corríxo (viceversa).

B) MEDIANTE A PROCURA:

1 - Descubrimento guiado: propónselle ó alumnado un problema motriz, que debe resolver. Este decide a organización, o tempo e o ritmo de execución, participa de forma activa na procura de solucións, compara e descobre por si mesmo aínda que guiado polo profesor/a (que dá pistas, axúdalle a decidir, etc) pero non lle ofrece a solución.

O seu esquema é o seguinte: disonancia cognitiva - investigación - descubrimento.

2 - Resolución de problemas: expónselle un problema motriz e ten que conseguir a solución sen ningún tipo de axuda. Ten total liberdade en todo o proceso, explora, elixe as respostas máis axeitadas, descobre a medida que atopa solucións.

3 – Libre exploración: O mestre actúa coma un elemento pasivo, dando unhas normas mínimas de control e parámetros de seguridade, animando a que participen, potenciando a creatividade e anotando as respostas máis interesantes do alumnado.

11.5 - O xogo: Russel defíneo como unha actividade xeral de pracer, que non se realiza cunha finalidade exterior, senón por ela mesma. Forma o 5º bloque de contidos do **Decreto 130 do 28 de xuño**, que considera que debe ser entendido como unha forma de realizar actividade física, que nos permite traballar os obxetivos da área, a través dun enfoque lúdico, motivacional e pracenteiro.

Levaremos a cabo todo tipo de xogos e actividades deportivas, coas súas normas, regras, estratexias básicas, etc., e basearémonos na iniciación deportiva proposta por autores como **D.Blázquez** e **S.Bañuelos**, que consiste en adaptar o xogo ó neno/a.

Ademáis, o propio xogo considerámolo coma un recurso metodolóxico para desenrolar os contidos tanto da área da Educación Física como das outras áreas.

11.6 - A estratexia na práctica: presentaremos a tarefa dunha forma global (executando o modelo na súa totalidade) ou analítica (execución por partes). Utilizaremos unha ou outra dependendo da súa natureza, a súa complexidade e das características psicoevolutivas e de aprendizaxe do alumnado. Tamén existen estratexias intermedias. Primarán as globais.

Os criterios de agrupamento: sempre serán flexibles e deben de responder ó obxectivo e tipo de actividade que se pretende, favorecendo o principio de interacción entre eles. A **Orde 22 de xullo de 1997** indícanos que o grupo se organizará de forma heteroxénea e utilizando grupos mixtos, evitando todo tipo de discriminación. Para a formación dos grupos centrarémonos en aspectos como:

1 - O número de alumnos/as: podemos traballar con todo o grupo clase, grandes grupos (6-8 persoas), grupos pequenos (4-5 persoas), tríos, parellas ou de xeito individual.

2 - Quen elixe o grupo: o profesor/a (cando son alumnos/as pequenos, non se coñecen, etc), os alumnos/as (coidado cas discriminacións) ou ambos (chegando a acordos).

3 - Como elixir o grupo: por azar (por orde de lista por exemplo), por criterios emocionais (amizade, etc) ou funcionais (igualdade, desigualdade, etc).

4 - A actividade a realizar: pode ser libre, paralela (con mesmo material en tarefas iguais ou parecidas), alternada (distinto material e tarefas diferentes), en circuito ou competitiva (en base a uns resultados).

5 - A duración da actividade: poden ser permanentes (para un período de tempo longo) ou variables (para unha determinada tarefa).

6 - A organización dos alumnos/as: pode ser libre (realizada en lugares propostos polo/a docente e os alumnos/as) ou prescrita (centrada no/a docente, que decide, informa, dirixe e avalía).

7 - O material a utilizar: sendo un medio para lograr os obxectivos e desenvolver os contidos. Debe estar perfectamente organizado para a sesión e adaptado ó alumnado. Non podemos consideralo como un fin ou como o centro da sesión; por outra banda, debemos de evitar o traballo con materiais escachados ou perigosos na medida do posible.

É recomendable utilizar todas as modalidades de traballo, dende o gran grupo ó traballo individual, incidindo no traballo en equipo para promover as relacións entre iguais.

12 – MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE:

Neste apartado trátase de dar resposta á diversidade a través da planificación dun proceso de ensinanza-aprendizaxe o máis individualizado posible.

O tratamento da diversidade abarca tódolos documentos de Centro (PEC, PCC, etc.). Esta realidade debe concretarse na aula, o cal esixe un traballo común de todo o profesorado nos procesos de planificación curricular.

O conxunto de medidas a adoptar depende das necesidades de cada centro escolar, que serán contextualizadas e recollidas no Plan de Atención á Diversidade, e avaliadas periódicamente para comprobar a súa adecuación.

Ditas medidas non van vencelladas a un alumno/a concreto/a, xa que calquera pode requirer delas ao longo da súa escolarización. Dentro delas, podemos destacar tres tipos de medidas: ordinarias, específicas e extraordinarias.

A proposta dunha medida para un alumno/a concreto debe contar co asesoramento do orientador/a ou departamento de orientación, contado coa opinión da familia.

Sempre se dará prioridade ás medidas ordinarias sobre as específicas que só se empregarán unha vez esgotadas as vías anteriores, ou cando a avaliación psicopedagóxica así o determine.

4.1. Medidas ordinarias

Destinadas a previr e facilitar a superación de dificultades leves, adaptando o currículo ordinario, sen variar ningún elemento esencial do mesmo, coa fin de alcanzar as capacidades establecidas nos obxectivos xerais.

Por exemplo, priorizar obxectivos, primando aqueles que se consideren relevantes para o alumno/a, adecuar e seleccionar contidos mínimos, variando a súa temporalización (sempre insistindo no desenrolo das capacidades de tipo afectivo, fomentando a seguridade e a autoestima).

4.1.1. Medidas Concretas

Relativas a modificacións organizativas ou curriculares, sen alterar elementos esenciais:

Actividades de recuperación (relativas a obxectivos non superados en cursos anteriores).

Reforzo (atención máis individualizada).

4. 2. Medidas e programas específicos.

Mediante a compensación do currículo, trocando algún dos elementos curriculares esenciais:

Programas específicos de aprendizaxe para determinados grupos de alumnos/as:

Adaptacións de acceso ao currículo (compensan as dificultades do alumnado para poder acceder ao currículo).

Medidas de profundización e enriquecemento (para aqueles/as de altas capacidades).

Consiste en propor actividades de incremento da madurez e autonomía.

4. 3. Medidas extraordinarias

- Flexibilización da permanencia no nivel ou etapa.

- Medidas de apoio (alumnos/as con necesidades educativas especiais que padecen discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais, ou por manifestar graves trastornos da personalidade ou de conduta).

A máis común é a *Adaptación curricular*, por medio da cal se adaptan os elementos prescritivos do currículo.

As adaptacións curriculares son un tema de gran importancia, que xa se trata no preámbulo da LOMCE (2013).

Nela dise que “todos e cada un dos alumnos serán obxecto dunha atención, na procura de desenvolvemento do talento” e que “ só un sistema educativo de calidade, inclusivo, integrador e esixente garante a igualdade de oportunidades e fai efectiva a posibilidade de que cada alumno ou alumna desenvolva o máximo das súas potencialidades”

Para tratar de conxugar estes aspectos, traballaremos en función do grao de implicación dos tres mecanismos que interveñen en toda tarefa motriz (mecanismo de percepción, decisión e execución), dando á mesma a dificultade necesaria en función do nivel do alumnado.

Así, tomaranse as medidas de atención á diversidade que sexan necesarias, sempre dando prioridade ás medidas de carácter xeral, e ás ordinarias de apoio e reforzo educativo.

Como medidas de atención á diversidade e de tratamento individualizado que levaremos a cabo o longo do desenvolvemento das Unidades Didácticas serán as seguintes:

- O/a docente deberá coñecer os gustos, intereses, limitacións ou non dos alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Aducativo (NEAE). Utilizaremos o diagnóstico de valoración realizado polo Equipo de Atención Temprá ou polo Departamento de Orientación.
- Os alumnos/as traballarán en función do nivel de partida (avaliación inicial).
- Ofreceranse actividades alternativas, a posibilidade de realizalas con distintos niveis de intensidade e/ou volume de traballo, de dificultade de execución, a través de grupos de nivel ocasionais. Propor actividades axustadas ó alumnado con NEAE, que non desmotiven nin pola súa simpleza nin pola súa dificultade.
- Adáptase o ritmo de ensino e aprendizaxe ó nivel específico de cada grupo, seleccionando os exercicios máis axeitados e prescindindo dos máis complicados.
- Orientar ó grupo a aceptar ás persoas con NEAE*.
- Emprego de diferentes métodos de aprendizaxe.
- Ter en conta os intereses e motivacións do alumnado.
- Priorizar o desenvolvemento de habilidades sociais.

* O Programa de Ed. Física deberá adaptarse aos alumnos con NEE (modificación de contidos, avaliación, coordinando o traballo con outros mestres e o Dep. de Orientación). Algunhas medidas a ter en conta serían:

- Promover a axuda por parte dos compañeiros/as para delimitar o espazo de movemento.
- Adaptar os móbiles a utilizar nas clases, para que poida desenvolver con normalidade o programa, eliminando da execución tódalas actividades de complexidade en canto a obstáculos de diferentes alturas, espazos etc.
- Reproducir as explicacións nas sesións para mellor comprensión do alumno con deficiencia auditiva.
- Adecuar a avaliación ao alumnado con deficiencias psíquicas.

Cómpre elaborar sesións adaptadas e específicas ao alumnado mencionado en colaboración co persoal especializado.

Ó longo do curso poderán xurdir situacións nas que, por lesións ou enfermidades, non poidan seguir o ritmo dos seus compañeiros/as, debendo realizar tarefas como as que se inclúen no **anexo IX**, como por exemplo: cubrir fichas, redactar a sesión, utilizar un ordenador portátil, etc.

13 – ADAPTACIÓNS CURRICULARES:

As adaptacións dos elementos básicos do currículo:

O termo de alumnos/as con NEAE inclúe: persoas de altas capacidades, de incorporación tardía o sistema educativo e con necesidades educativas especiais. Para traballar con eles/as, basearémonos nas seguintes medidas:

Reforzos educativos: medida de atención á diversidade que modifica elementos non prescritivos do currículo, desenvólvense no contexto ordinario e aparece reflectido no expediente académico, pero non no libro de escolaridade (realízanse o longo do curso).

Adaptacións curriculares: modifican elementos prescritivos do currículo. Elabóranas o/a docente que imparta a área, comunicándollo sempre ao titor/a. Realízase unha vez esgotados tódolos reforzos educativos, nun contexto ordinario e é necesaria a súa validación por parte da Inspección Educativa. Aparece reflectida como ***(AC) Adaptación curricular*** no expediente académico, no informe ás familias e no libro de escolaridade. Traballaremos en colaboración co/coa responsable de orientación do centro e co equipo psicopedagóxico.

Alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo:

Cando se detecta unha necesidade específica de apoio educativo, procédese conforme ao xeral, comunicando esta circunstancia á persoa titora, que dará traslado ao Departamento de Orientación.

14 – INTERDISCIPLINARIEDADE.

As áreas que abarcan a Educación Primaria e que poden ter unha maior relación coa Ed. Física son as seguintes:

- Área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural.

- Contidos que traten sobre o coñecemento do corpo, o seu funcionamento e coidado.

- Aspectos nutricionais.

- Actividades relacionadas co crecemento, e todo movemento relacionado coa saúde.

- Área de Matemáticas.

- Aspectos de formas xeométricas, direccións, forzas, unidades de medida.

- Área de Lingua.

- Sistemas de comunicación verbal, dramatización, sons.

- Xestos e movementos.

- Área de Educación Artística.

- Bailes.

- Emprego da imaxe para expresar algún coñecemento, sentimento ou sensación.

- Os ritmos.

15.- PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

A educación en valores ten un compoñente fundamental no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Estes contidos, denominados transversais, impregnan toda a realidade educativa, atopándose de maneira intrínseca en tódalas áreas.

Así, malia non ser traballados de maneira específica, cómpre telos moi en conta á hora de prantexar calquera actividade.

Son temas de gran importancia que deben tratarse preceptivamente co currículo, aspectos que poden ser tratados por tódalas áreas, formando parte do proxecto curricular dos Centros.

Entre eles, podemos destacar:

- Educación sexual e para a saúde.

Maniféstase no intento de conseguir instaurar no alumnado actitudes positivas fronte ós seguintes aspectos:

- Hixiene corporal na práctica de actividades físicas.
 - Hábitos perxudiciais para a saúde.
 - Toma de conciencia da propia condición física.
 - Concienciación dos efectos beneficiosos da Ed. Física sobre a condición física e a saúde en xeral.
 - Respecto das normas de prevención de accidentes.
- Educación ambiental.
- Normas básicas de protección e seguridade no desenvolvemento de actividades no medio natural.
 - Interese por participar en actividades que se leven a cabo no medio natural.
 - Elaborar traballos sobre as características máis importantes do medio natural e as normas de seguridade e de respecto ao mesmo.
- Educación moral e cívica/Educación para a paz.
- Aceptar o seu nivel de aptitude motriz e o do resto.
 - Respetar o ritmo de progresión, así como dos compañeiros.
 - Controlar a agresividade en situacións de oposición directa con compañeiros/as.
 - Respetar as regras en xogos e deportes.
- Educación do consumidor.

Adoita mesturarse coa Educación para a saúde.

- Hábitos nocivos para a condición física e a saúde.
- Elexir os materiais necesarios para a realización das diversas actividades:
- Selección do equipo axeitado para a actividade física ordinaria.
- Actitude crítica ante as modas, marcas, espectáculos deportivos, etc.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
- Compensar as “desigualdades” entre sexos, debidas a experiencias previas.
- Incentivar ás alumnas para que solucionen os seus propios problemas.
- Eliminar a linguaxe sexista, así como as ilustracións nos textos, debuxos.
- Desterrar a sensación de competitividade entre os dous sexos.
- Convén valorar os éxitos e logros deportivos alcanzados por mulleres, na mesma medida que os dos homes.

En xeral, realizar todas aquelas prácticas que eliminen a discriminación.

- Educación vial.
- Aspectos espazo-temporais, de orientación.
- Velocidade, traxectorias, direccións, ocupación dos espazos, distancias.
- Educación para o ocio e o tempo libre.
- O xogo, o movemento, a danza, a expresión.

16 – ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR:

A E.F., coma unha das materias que integran o currículo, debe contribuir a fomentar no alumnado hábitos de lectura.

Este aspecto maniféstase na adicación de media hora diaria á lectura, independentemente da materia de que se trate.

Ao inicio de cada unidade didáctica empregárase a lectura coma información previa de cada unha delas.

Nalgúns xogos daranse por escrito (de maneira sinxela) as normas, que se lerán e comentarán (en 2º curso).

Tamén existen actividades nas que se deberá manexar certa información escrita para a realización da actividade (busca do tesouro.....).

Asemade, levaranse a cabo actividades en clase relacionadas coa lectura de forma lúdica naqueles días en que a meteoroloxía non permita a actividade física nos exteriores.

Por outra banda, favoreceremos a ensinanza e aprendizaxe da lectura a través da redacción, lectura e comprensión das normas específicas da área de educación física.

Práctica de xogos coma “Orientación” “O aforcado”, “Sopa de letras”; lectura de libros na biblioteca de aula....

17 – ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC:

Internet e as ferramentas multimedia deben introducirse nos centros educativos, para adaptar a educación á era dixital. Por todo isto, deberase garantir ao alumnado a posibilidade de adquirir unha cultura básica dixital, da que debe participar a nosa área.

Así, a E. F. contribúe a desenvolver o plan TIC en base a diferentes actuacións:

- Emprego ocasional do proxector ao longo dalgunha unidade didáctica, que mellora a exposición dos contidos ao presentalos de forma máis atractiva.

- Tamén se empregará o ordenador para afianzar os contidos mediante a procura de información complementaria, empregando materiais do programa “JClic”.

- Utilización puntual doutros medios coma o DVD, VIDEO...

- Unha idea interesante a levar a cabo sería a confección dun pequeno libro interactivo en formato web, onde poidan facer consultas guiados/as polo mestre, e enlazando con outras referencias en Internet. Este libro pode ser actualizado en calquera momento, engadindo os traballos dos alumnos/as.

- Acudir á aula de Informática a realizar actividades de ampliación e reforzo das unidades didácticas traballadas. Alí empregaranse as tecnoloxías da información e a comunicación, ao tempo que se adquiren nocións básicas (abrir e pechar a computadora, o rato, seleccionar obxectos, etc.).

Algunhas direccións web interesantes son as seguintes:

- Buscador: www.google.es
- Atletismo: www.uida.es/faa
- Xogos alternativos: www.geocities.com/Athens/Agora/4269
- Revista dixital de E.F.: www.efdeportes.com
- Medicina e deporte: www.medideport.es
- http://www.telefonica.net/web2/efjuancarlos/recursos_EF.htm
- Proxecto Ludos: <http://recursostic.educacion.es/primaria/ludos/web/alumnos.html>

18– ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA:

A Educación Física, polo seu compoñente social, é unha materia moi importante de cara á consecución de certos hábitos sociais, como poden ser:

- Nos xogos en que se da unha disputa-oposición, respectar ós/ás rivais, desterrando actitudes discriminatorias e sexistas.
- No camiño cara ás instalacións deportivas, facelo en silencio e de maneira ordenada (evitando ruidos e sons molestos.
- Rexeitar en todo momento a violencia (a tódalas persoas lles gusta gañar, pero hai que saber facelo, ao igual ca perder – respecto ao equipo rival –).

- Valorar o esforzo persoal de cada membro dun equipo, sen primar aspectos resultadistas.
- Empregar de maneira axeitada o material, adoptando hábitos de respecto cara á integridade das persoas.
- Saber dialogar para resolver as diferenzas que poidan xurdir.

19 – MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS, INCLUIDOS OS LIBROS DE TEXTO:

En primeiro lugar facer referencia que na área de Educación Física non empregaremos ningún libro de texto ó longo do curso.

No referido ós materiais e recursos didácticos, o centro conta con diferentes materiais que destacamos a continuación:

●– Pavillón polideportivo:

- Canastras fixas.
- Campos de voleibol, fútbol sala, balonmán, etc.
- Soportes fixos para rede de voleibol.
- Xogos de Mariola pintados no chan.
- 2 porterías suxeitas ao chan.

●– Ximnasio:

- Bancos suecos.
- Espaldeiras.
- Rede de voleibol
- bancos suecos pequenos e medios.
- bancos suecos grandes.
- 1 encerado vello fixo.

2 – Almacén do ximnasio e baños de nenos:

- Arcón do fondo: - balóns de foam, ximnasia rítmica, etc.
- Estantería: - Raquetas similar Padel.
- Pás de madeira.

- Raquetas de badminton.
- Semiesferas e conos de marcaxe.
- Discos voadores de foam.
- Estacas de madeira.
- Aros.
- Cordas.
- Picas de madeira e plásticas.
- Aros de pasta (redondos e planos).
- Colchonetas.
- Pelotas pequenas.
- Pelotas medianas.
- 1 arcón metálico.
- 1 teatrillo.
- Conos grandes.
- Conos medios.
- Combas.
- Pelotas de tenis.
- Pelotas de minibasquet.
- Pelotas de ping pong.
- Balón medicinal.
- Pelotas medias de goma.
- Pelotas pequenas.
- Material variado de educación vial (petos, sinais, reflectantes, etc).
- Pelotas de volei.
- Espaldeiras doubles.
- Botiquín.

As diferentes actividades deberán cumprir os principios metodolóxicos anteriormente citados e concretaranse da seguinte maneira:

- A utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación dos novos contidos.
- A gradación das actividades, cuxa xerarquización varía segundo a natureza de cada unidade, aparecendo en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e autonomía.
- A énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe, que inclúen unha reflexión sobre os contidos obxecto de estudo e unha revisión final.

Programación cíclica, perfectamente integrada nos obxectivos xerais da etapa, e unha rigorosa selección dos contidos, que reforzan o aprendido nos cursos precedentes e abren o coñecemento cara a novos temas.

Atención á diversidade do alumnado.

A nosa intervención educativa cos alumnos asume como un dos seus principios básicos ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e motivacións.

Sensibilidade pola educación en valores.

O progresivo acceso a formas de conduta mais autónomas e a crecente socialización dos alumnos fai obrigada a educación en valores. Esta contéplase na presentación explícita de actividades que conducen á adopción de actitudes positivas sobre o coidado do propio corpo, a conservación da natureza, a convivencia.

En relación ás actividades complementarias, desde a área de Educación Física promoveremos e apoiaremos todas as actividades complementarias relacionadas coa actividade física. En primeiro lugar daremos información acerca de todas aquelas actividades deportivas da localidade participando do consello Deportivo local fomentando as actividades propostas por este.

Así mesmo, participaremos da elección das actividades complementarias do centro incluídas dentro da PXA aconsellando e achegando ideas relacionadas coa nosa área.

COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

Actualmente e a través da ANPA, no centro ofrécense diversas *actividades extraescolares* como son: tenis, patinaxe, etc.

Todas elas lévanse a cabo en horario de tarde, de 16:00 h. a 18:00 h.

(Estas actividades normalmente realízanse dende outubro a xuño).

21 – PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN:

Toda programación debe ser obxecto de avaliación en sí mesma, de cara a comprobar a validez e eficacia da proposta curricular, e propoñer modificacións para paliar as deficiencias atopadas de cara ao seguinte curso.

Así, debe cumprir unha serie de requisitos imprescindibles:

- Partir dunha avaliación inicial do alumnado (para saber o nivel de que partimos).
- Ter en conta as características do centro no que se desenvolve.
- Adaptarse ao currículo de ciclo, contribuindo á consecución dos obxectivos, contidos, etc. do mesmo.
- Efectuar unha previsión de sesións a aplicar en base ao calendario escolar para o presente curso.
- Analizar os recursos e medios dispoñibles.
- Debe ter como eixo principal a flexibilidade, para realizar as adaptacións correspondentes, nos casos en que sexa necesario.

Así, ésta será avaliada de xeito continuo, ao mesmo tempo que se leva á práctica, posibilitando a súa modificación no momento que se detecte a necesidade de facelo. Na memoria final de curso, farase unha

valoración de tódolos elementos que interveñen no proceso de ensinanza-aprendizaxe: obxectivos, contidos, metodoloxía, avaliación... Esta deberá ter en conta as apreciacións feitas polo propio alumnado.

Existen dous criterios a ter en conta para avaliar a programación didáctica:

1.- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación e procedementos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

(Considerarase que a programación destes aspectos é mellorable cando a porcentaxe de alumnado que supera os obxectivos é inferior ao 70%). De darse esta circunstancia, é necesario investigar sobre as causas do problema e buscar solucións.

2.- O desenvolvemento da programación didáctica.

Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75%, débense aplicar correccións e avaliar as causas polas que se produciu ese deficiente desenrolo.

22 - ACTUACIÓNS EN CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL OU A DISTANCIA DEBIDO A CUARENTENA, ILLAMENTO OU CONFINAMENTO DUN ALUMNO, ALUMNOS OU GRUPO-CLASE

Durante as primeiras semanas do presente curso, poñeremos en coñecemento do alumnado e familias a existencia dunha aula específica de E. F. na web do Centro, e das ferramentas a empregar durante o tempo que dure a ausencia das clases presenciais.

Entre estas, destacamos:

- a aula virtual do colexio: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiprosaliacorunha/aulavirtual/>
- o emprego do correo electrónico: miguelvazquez@edu.xunta.es
- o uso da plataforma Cisco Webex para a realización de videoconferencias cando fose preciso: <https://eduxunta.webex.com/meet/miguelvazquez>

O uso destas ferramentas ensinarase dende as titorías correspondentes, sendo reforzada e recordada dende as diferentes especialidades, coma a de Educación Física.

A metodoloxía proposta no caso de ensino semipresencial ou a distancia sería similar á levada a cabo durante o confinamento do pasado curso académico. Mediante a proposta de retos e tarefas, intentaremos promover a

realización de exercicio físico, animándoos a ampliar esa práctica e trasladala ao seu tempo de lecer.

Para a realización destes retos ou tarefas intentaremos ter en conta o emprego mínimo de materiais ou daqueles que poidamos ter na casa (de uso cotiá); ademais de adaptar o espazo e a súa dificultade.

Tentaremos en todo momento ter un contacto continuo co noso alumnado e as familias; tendo en conta, ademais, a súa situación física, emotiva e psicosocial, e tratando de acompañalos, animalos, ensinalos e guialos durante a ausencia da presencialidade.

23. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS E PROCESOS DE MELLORA

Seguiranse os seguintes criterios:

- ✓ Superación dos contidos mínimos esixibles polo 50 % do alumnado.
- ✓ Impartición do 80% da materia.

Naqueles casos nos que os mecanismos de revisión indiquen a necesidade de modificar ou mellorar a programación, metodoloxía, etc., asumiranse as decisións oportunas no seo da coordinación do ciclo e do nivel, tendo en conta as orientacións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

AVALIACIÓN DO MESTRE DE EDUCACIÓN FÍSICA.

Farase unha enquisa (oral ou escrita) ao alumnado:

(Será de moita utilidade por aportar informacións acerca da nosa actuación coma docentes.

NOME: _____ CURSO: _____ DATA: _____

1. ¿Qué cousas das realizadas crees que se poderían mellorar?
2. ¿Qué cousas novas proporías?
3. ¿Qué é o que máis che gustou da área de Educación Física?
4. Debuxa un xogo de Educación Física.
5. Contesta:

Moito Bastante Algo Pouco

¿Cres que as actividades son divertidas?

¿Divertícheste nas clases de EF?

¿Cres que a forma de traballo foi boa?

¿Coñeces mellor aos teus compañeiros/as coa EF?

¿Foron divertidas as clases?

¿Explícanse con claridade todos os xogos?

¿O mestre, escoita a todos/as?

¿Empregou materiais atractivos?

¿Aprendiches cos contidos traballados?

Cómpre realizar a autoavaliación antes de analizar as enquisas realizadas polo alumnado para comprobar se coincide coa súa opinión.

INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS.

Esta programación será presentada ás familias e garantirase a súa accesibilidade mediante:

- Explicación pública dos obxectivos básicos na xuntanza inicial de curso.
- Información da súa localización nos folletos informativos.
- Inclusión dos mínimos esixidos no proxecto curricular de centro.
- Daranse a coñecer ao alumnado:
- Os obxectivos de cada unidade didáctica.
- Criterios de avaliación que se seguirán.
- Mínimos esixidos para a superación da materia.